

Ponte de Lima celebrará 13 feiras



Páxina 13-14-15

Congreso de medio ambiente en Caldas de Reis



Páxina 20

Portugal estará en Xantar 2017



Páxina 24

Os galegos emigran e trunfan



Páxina 28

Senda fluvial no río Miño



Páxina 32

Ponte de Lima en alta



Expourense conmemora o Día Mundial da Calidade con unha xornada de exaltación que inclúe a entrega dos Premios "Líderes en Calidade" a empresas e institucións galegas recoñecidas por ser un modelo a seguir nos seus respectivos sectores e das que destaca o seu compromiso coa calidade e co medio natural. Como novidade nesta edición entregárase un Premio Especial á Cámara Municipal de Ponte de Lima (Portugal), entidade coa que Expourense mantén estreitas relacións de cooperación transfronteiriza. Recoñécese á innovación e o éxito da campaña turística "Em época baixa, Ponte de Lima en

alta", que consiste na organización durante os meses de outono e inverno de numerosos eventos que contribúen ó desenvolvemento económico das potencialidades locais e das empresas vencelladas a elas (gastronomía, agricultura, medioambiente, comercio) ao tempo que dinamizan o turismo de proximidade. Con esta actividade xa habitual no calendario de eventos de Expourense, a Fundación contribúe a cumprir os seus obxectivos anuais que pasan por fomentar entre as empresas en particular e o resto da sociedade en xeral: a Internacionalización, a Calidade, a Innovación, Emprendemento e a Formación.



centro médico
EL CARMEN



TU HOSPITAL DE REFERENCIA

CALIDAD CERTIFICADA POR DNV-GL (ISO 9001) Y POR LA CONSEJERÍA DE SANIDAD DE LA XUNTA DE GALICIA (CALIDADE HOSPITALARIA)



www.centromedicoelcarmen.es



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Gañou a vella España

A decisión maioritaria (59 vs 41%) do máximo órgano estatal entre Congresos do PSOE acordando a abstención do seu Grupo Parlamentario para permitir a investidura de Rajoy na segunda votación anuncia a implosión e fragmentación do vello partido socialista, cando non a súa pasokización até a irrelevancia. O PSOE non quixo escoitar ao conxunto da súa afiliación nin á maioría dos seus electores, claramente enfrontados coa política de Rajoy, deconstrutiva das liberdades e dos servizos públicos e tolerante cunha corrupción que aniñou en moitas das estruturas do PP. Asemade, grande parte do seu electorado galego, catalán, vasco, navarro, valenciano ou balear rexeita as políticas recentralizadoras e o inmovilismo territorial do PP.

Gañaron os sectores do PSOE máis vencellados ao inmovilismo arredor do esgotado modelo da transición e á vella España. Os que defenden as portas xiratorias para que os seus se lucren nas empresas de distribución eléctrica e do complexo construtor-concesional que manexan as grandes decisións do Madrid político, financeiro e mediático. E os que lle mercan o casposo modelo territorial ao PP. Non por acaso,

gañaron polo seu dominio nos territorios do Sur onde reproduciron circuitos caciquís de xestión. Na Andalucía, Susana Díaz partilla con Rajoy o mesmo interese en que se dilúan as investigacións e axuízamentos da corrupción que lle cerca. Este común interese explica moitas cousas.

É o trunfo da vella España a respecto da España que podía abrollar, dunha España do século XXI que reivindique as políticas inclusivas socialdemócratas (verdadeiramente socialdemócratas) e a súa convivencia plurinacional. Velaí que o Estado español fique hoxe máis preto de remanecer indefinidamente bloqueado en acadar o cambio nas políticas, nas gobernanzas e no modelo territorial que precisa. Isto será malo para todos e, dende logo, daralle pulo aos territorios que prantexen a súa vida á marxe dun sistema caduco e esgotado.

A implosión socialista chegou tamén a Galicia e iso obriga a En Marea e, seguramente, ao BNG para desenvolver propostas que poidan acoller as sensibilidades tradicionalmente vencelladas ao PSdeG. Claro é que isto precisará sentidíño, concordia e integración. Todo o contrario, por certo, do que está a facer Pablo Iglesias.

O mito da creación de emprego

Unha mentira repetida mil veces remata por se asumir, polo menos por amplos sectores sociais, como unha verdade. Boa parte da opinión publicada madrileña insiste en que o Estado español é líder europeo na xeración de emprego. Segundo estes propagandistas de quenda estaríamos saíndo da crise.

Non hai tal. A creación de novo emprego relaciónase íntimamente co moi intensivo proceso de destrución de emprego sufrido polo Estado nos anos da Grande Depresión, que chegou acadar un 25,7% de desemprego segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) nos anos 2012 e 2013 (19% agora). Mais o novo emprego non se contrata nas condicións do destruído. Perdeuse, nomeadamente na Galicia, emprego industrial con soldos que hoxe nos semellan dignos. E xeráronse dúcias de milleiros de subempregos suxeitos a condicións moi desfavorábeis: xornadas parciais (que logo se convirten, moitas veces e sen remuneración adicional en totais), retribucións baixas pola desregulación (emprego creado á marxe dos convenios ou privatización de servizos públicos) e temporalidade.

Hai expertos que calculan o subemprego no

27% do conxunto do emprego a nivel estatal. Estaríamos no Estado en niveis reais de paro estimado do 24-25%, no canto do 19% que nos dí a EPA hoxendía. As novas rendas salariais non xeran, pola súa cativeza, case cotizacións para a Seguridade Social nin impostos directos. Os novos traballadores son pobres, na súa maioría. E unha sociedade que crea un emprego que non permite sair da pobreza é unha sociedade fracasada e con graves problemas de lexitimidade.

Esta caste de emprego non lle permite desenvolver un proxecto de vida á xente nova. Pois logo, a natalidade seguirá nos niveis actuais ou empeorará. A estrutura demográfica española (que lles dicir da galega!) anticipa un futuro con crecementsos próximos a cero.

Velaí que o crecemento nominal de emprego dos últimos dous anos non fixera máis que alimentar os desequilibrios dunha economía sen correcta asignación de recursos nin xustiza na distribución.



Por: Manso Preto

Há mais de um ano, em águas internacionais, foi apreendido pelas autoridades espanholas e em colaboração com a PJ, um barco registado em Vigo com mais de 20 toneladas de haxixe.

Não posso crer em tamanha maldade!

Eu explico-me ...

A bordo vinham tripulantes portugueses, naturais e residentes em Seixas, Caminha, Moledo e Vila Praia de Âncora. O capo da rede, como é normal nestas situações, alega um súbito enjoo pelo mar nas vésperas e fica em terra onde tudo controla. No caso, a espiritualidade ia a tal ponto que até telefonava à mãe para que esta fosse a um bruxo para que tudo corresse bem! Consta nas escutas, pese embora tudo parecer um trailer como o que já foi filmado em terras do Alto Minho e passou pelas televisões portuguesas e espanholas.

José Manuel Alonso dos Santos, 'Viriato', natural de Caminha, com um primeiro casamento com uma galega de A Guarda onde adquiriu dupla nacionalidade, seria reincidente e em segundas núpcias sucumbiu aos amores, conhecimentos e influências de uma marroquina, acabaria por ser extraditado para Portugal.

A maior parte destes incompreendidos homens de negócios, com antecedentes pelas mesmas actividades prazenteiras, com excepção para um jovem de Moledo que, valha a verdade e ao que apurei junto de fontes insuspeitas, foi levado ao engano dado que pensava ir participar em mais uma jornada de pesca que, por ser longa, ser-lhe-ia devidamente recompensada. No entanto, só em alto-mar, no transbordo da mercadoria, é

que ele se terá apercebido que os cardumes vêm das águas profundas e não passam de barco em barco... Tivesse ele resistido e, certamente, o seu corpo nunca mais apareceria!

Mas não é isso que me leva a escrever e manifestar a minha ternura por esta estirpe de minhotos, embora aqui fique o aviso para os menos incautos.



Narcotráfico, empreendedorismo, Dom Pérignon e glamour

O que me parece surpreendente é que, após uns meses em que estiveram presos, primeiro em Espanha e depois em Portugal, onde aqui um juiz a todos colocou com pulseira electrónica no remanso dos seus lares. De nada valeram os antecedentes por tão voluntariosas acções, nem o apregoado alarme social que faz parte do léxico das acusações, com a agravante de ser uma das maiores apreensões de droga de sempre.

Por mim, condescendo que a empatia que eventualmente a todos envolveu (acusados e julgadores) na hora de tão magnânima decisão, foi mais que justa, apropriada, não fossem os fervorosos empreendedores do narcotráfico ficarem traumatizados e injustiçados pela privação das suas liberdades.


Parece-me louvável a atitude, caridosa e nobre, altruísta, até porque dois deles queimaram os dedinhos numa explosão quando, vendo-se perseguidos no mar pela polícia, tentaram queimar a matéria-prima para não haver provas.

E mais comovido eu fico por saber que eles, agora nas suas alegres casinhas, mesmo com pulseiras electrónicas lhes permite, e sempre com autorização da entidade oficial, ir até ao café rever os seus amigos, beber uns copos para ajudar a esquecer os seus actos, nem que seja à custa de uma overdose alcoólica. Podem ainda - e têm aproveitado, claro - levar a sua mulher a um bom restaurante, apreciar uma farta mariscada 'regada' a Barca Velha 1965, erguer as taças e brindar no final com uma Dom Pérignon, deixarem um rasto de glamour por aqueles com quem se cruzem e que, quais malvados e invejosos, não conseguem interiorizar tão peculiar bonomia e comovente sentido humanitário pela decisão judicial.

Só me estranha, no meio disto tudo, que nenhuma associação ou confederação empresarial - ao contrário do que há anos ocorreu em Barcelos - não tenha promovido uma homenagem pelo impulso e incrementação comercial dados por estes honoráveis cidadãos tão empenhados em patrioticamente contribuir para a diminuição do défice nacional.

E isso é imperdoável! Mas, cá para mim, ainda se vai a tempo de tal reconhecimento público, não só perante a sociedade, como por todo o tecido empresarial e político.

Vamos nessa?



Por: Guillermo Rodríguez

Director



Nestes momentos que tanto se fala da influencia dos medios de comunicación sobre as decisións políticas e sobre os políticos, facemos noso un texto do xornalista Xosé Her-mida, a propósito desta cuestión tan importante nunha sociedade que se di democrática.

Velaquí o texto completo:

Cada vez que se xuntan agora máis de tres xornalistas, o encontro despide un aroma fúnebre. Ás veces é mesmo un funeral cheo de entusiasmo, como cando aparecen os grandes teóricos da revolución permanente para sentenciar que o vello xornalismo está morto e vendernos un ilusionante futuro no que fariamos de robots multitarefa, capaces de escribir textos, gravar comentarios de voz, facer fotos e vídeos, elaborar gráficos, subilos á Rede e propagalos por ducias de canles. Todo ao mesmo tempo, por menos de 1.000 euros ao mes.

Como todas as liturxias, a dos días mundiais de calquera cousa tamén teñen un certo aire fúnebre. Por iso resulta difícil fuxir da tentación de debullar nun día como o hoxe o longo inventario de calamidades que nos azoutan dende hai tempo. E por iso se cadra hoxe é máis necesario que nunca ser optimistas. Aínda que só sexa porque, como dixo alguén, nestes tempos o optimismo converteuse case nunha obriga moral.

Ser xornalista é un privilexio. Pero non porque che permita coñecer xente interesante e poderosa, sentirte parte dos grandes acontecementos, facerte famoso e -nalgún caso- ata gañar moitos cartos. A marabilla de ser xornalista é que che permite cambiar o mundo. Non o mundo enteiro dunha vez, mais si cousas relevantes que forman parte do que nos arrodea. O mundo xa non foi o mesmo dende que o primeiro xornalista logrou entrar en Hiroshima e contar o horror. España xa non foi a mesma dende que se publicaron os papeis de Bárcenas. Galicia xa non foi a mesma despois de que os xornalistas rachasen o bloqueo informativo sobre a catástrofe do 'Prestige'. Non hai nada máis potente que a verdade. Por iso ter un oficio que consiste en contar e

Sobre a independencia dos medios de comunicación

desvelar verdades é un agasallo. Por iso non podemos ser pesimistas. Non nos podemos permitir o luxo de ser pesimistas. Todo privilexio conleva unha responsabilidade. Convén non esquecerlo: o que estamos a reclamar hoxe non é un dereito noso, senón de toda a cidadanía. A nosa

ás nosas aspiracións económicas... Nin sequera -en caso de conflito- á empresa que nos paga. Ao único que nos debemos finalmente é ao dereito dos cidadáns a estaren informados. A información non nos pertence a nós, pertence á sociedade. Se temos iso sempre en conta, hai

mativas instigadas por escuros intereses. Debemos ter sempre presente que, por moitas presións que recibamos, os xornalistas dispoñemos dese dereito último a retirar a nosa sinatura, o noso rostro, a nosa voz. Temos que defender algo tan sinxelo e tan complexo como a verdade. Se actuamos con eses criterios non debería haber ningún motivo para non sermos optimistas.

O día de hoxe leva unha denominación que entre nós vai quedando anacrónica. Hai partes do mundo onde aínda é preciso loitar pola liberdades de prensa e de expresión. En Occidente, sen embargo, nunca houbo tanta liberdade de prensa e de expresión. A Rede permite case a calquera difundir case calquera cousa. O que si está en perigo en Occidente é a calidade da información e a independencia dos grandes medios, en mans ou de gobernos - non dos intereses públicos- ou de conglomerados financeiros. O que está en perigo é que a verdade quede sepultada entre moreas de medias verdades, relatos prefabricados, burda propaganda e espectáculo banal travestido de xornalismo.

Iso afecta non só ao conxunto do noso oficio senón a cada un de nós individualmente, porque pon en cuestión a credibilidade profesional e a moral cívica de cada de un. Pero iso mesmo fai de nós os únicos capaces de librar esta batalla. Sen nós, de momento, non se poden facer xornais de papel ou dixitais, informativos de radio ou de televisión. Ninguén nos pode pedir que sexamos heroes, pero ninguén de nós pode fuxir tampouco dunha responsabilidade decisiva, xa non só como xornalistas, senón como cidadáns. Se estamos á altura, deberíamos poder ser optimistas. Depende de nós.

#citacélebre

" Hay tres tipos de periodistas: los que tiran del periodismo, los que hacen periodismo para ir tirando y los que hacen periodismo para tirar"

Ramón Salaverría

Profesor de periodismo (1970-actualidad)

PXM Periodistas por el mundo.COM

liberdade de expresión é a garantía de que a xente poida estar ben informada. Pedimos por nós para pedir por todos. Outra razón máis para pensar que este é un oficio do que sentirse orgulloso. Podemos ser optimistas se nos esforzamos en non perder de vista nunca que estamos servindo á sociedade. Non só -por importantes que sexan- ás nosas lexítimas ambicións persoais, á nosa carreira,

razóns para ser optimistas. A xente está incomodada con nós precisamente porque nos necesita. Reclámanos que lle contemos o que alguén -normalmente os poderosos- non quere que se saiba. Precisamos, iso si, coraxe e sentido da responsabilidade. Temos que defender o noso traballo e non consentir nunca poñer o noso nome ao servizo de campañas políticas ou de manipulacións infor-



Opinión

Afirmanse as verdades con tanta contundencia que resultan ser irremediabilmente falsas. Sobre todo porque se multiplican soberbias en prosapias, deslinguadas, procaces e electoralistas. Corren polas redes sociais como unha peste, ese andazo que destrúe calquera tipo de esperanza, que só dá malas noticias, que nos fai perdedores de todas as batallas diante das máquinas, que parece todo saben. O valor da certeza, do evidente, morre a mans



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

dos demagogos de turno, dos que lle sacan pica a todo. Empeza así a mentira a converterse en realidade –aunque falsa– e transcende como a calumnia que se afai ao roubo, ao delito, ás múltiples corrupcións do día a día. E todo iso no medio de tantos debates, de tantos politólogos de salón, multilingüistas de lavadoiro, sabidos de encrucilladas, entendidiños de todo tipo que, controlan, a nosa desconfianza e a dúbida, a sospeita e a media verdade, mesturada coa media mentira e a ousadía, tomadas como arma e así axitan propagandas interesadas e golpean mil veces as súas mentiras contra nós, como se foramos un muro de ignorancias. Así chegamos ao escándalo diante dos xuízos que vemos e cos que xustiza parece non poder, que confirman ademais da corrup-

Mentiras que nos contan

ción, a falta de solucións. A técnica deles, machucha e machuca incansablemente coas súas falacias, que inventaron, para –en tanta repetición– facelas valer como verdade, insistentemente. É unha certa certificación autenticadora: dixerono nos xornais, díxoo a radio, comentárono na televisión. O poder dos medios. Mentres tanto, a verdade queda oculta por mor desas mensaxes activadas puntualisimamente desde os despachos, alí onde se organiza toda esta corrupción da verba, tamén de ideas, para martelar a realidade e o evidente. Está de moda, hai que sumar insultos sobre todo se son orixinais e ben levados, mesmo con graza, calumnias rebuscadas con certo drama que as arrope, sos-

peitas sorprendentes, dúbidas sensacionais, mentiras do increíble. E aquí temos o resultado de toda esta maraña de enganar. Esa é a arma para destruír a verdade. Faise desde a sombra, desde o covarde silencio do anonimato, desde as siglas que ocultan nomes e persoas. Todo vale, fanse as trampas con documentos falsos, con análises incorrectas, con lecturas mal levadas, con enquisas de opinión fóra de contexto, con adxectivos tendenciosos, con anécdotas grotescas que dexenaran principios básicos do entendemento e a razón. Todo se oculta nunha pugna de opinións “equivalentes”. E aí chegamos ao erro fatal. A consideración de “equivalencia” é a que desequilibra ideas do co-

recto entendemento. Non son equivalentes nunca, nunca a mentira adobiada de certezas pode ser máis certa que a certeza mesma. Nin tampouco é equivalente a mentira adobiada de datos sedutores, aínda que sucumban á beleza que a mesma verdade –por crúapareza. Non son equivalentes, son titulares difamatorios e ofensivos das noticias que danan a intelixencia, apostas perigosas polo resumo tendencioso, maligno. Artigos de opinión que desmesuran e constrinxen a razón, sacadas dos feitos e que procuran un dano irreparable para conseguir confusión e medo, lonxe da comprensión e cordura, ou do sentido común. Fano para mediatizar xuízos libres das persoas que obedecen, dos moitos que cren que son verdade por vir dun medio de comunicación. En reali-

dade son para vender máis e conseguir máis lectores submisos a custo da verdade, o uso tendencioso do aparente. E mentres contentámonos con ese sabor amargo no padal, moitos de nós, descridos de todo porque, sen querer, deixámonos levar polo mal gusto da intervención social, do desmadre e compadreo habituais, nesas novas tendencias que defenden calquera cousas a cambio de beneficios. Temos que deixar de ser tan contables e permitir que a palabra, aquela que entra polos nosos ollos ou polos nosos ouvidos, sexa crida con fe cega, saber que pode non estar ao servizo dos feitos. Non podemos permitir –por responsabilidade– que deforme o significado real e venda unha milonga, para que –ao final– nos goberne quen nos goberna e teñamos nós a culpa!.

Por Ramón Coira Luaces

Haí pouco caeu nas miñas mans unha biografía deste grande xornalista e poeta, e decidín escribir esta pequena carta de homenaxe. Moita xente xa o coñecerá, pois foille adicado o Día das Letras Galegas de 1999, pero nunca está de máis lembrar os nosos ilustres devanceiros. Naceu en Cuntis (Pontevedra), en 1891. O seu pai colgara os hábitos e casara, proporcionándolles aos seus fillos unha sólida formación. Con 15 anos, Roberto emigrou a Cuba, onde coñeceu e tratou a Curros Enríquez. Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Basilio Álva-

rez... e onde exerceu como xornalista, profesión que consolidaría cando –dez anos despois, en 1916– regresou á Terra, traballando en cargos de dirección e colaborando en numerosos xornais en castelán e en galego. E incluso publicou numerosos artigos na prensa feita en Madrid. Os seus artigos eran comprometidos e combativos e neles destacaba o seu amor por Galicia, o seu idioma, historia, cultura e polas súas clases populares. Participou tamén activamente nas Irmandades da Fala e no Seminario de Estudos Galegos. Participou na Asemblea Nacionalista de Lugo de 1918, que proclamou que Galicia é unha nación. Durante a Ditadura de Primo de Rivera pelexou coa censura, non sempre con éxito; pero algunha

vez ata a logrou burlar, escribindo na prensa en latín. Portela Valladares, propietario de El Correo Gallego, no que Blanco Torres –naquel intre– era redactor xefe pretende poñer o xornal ao servizo do Réxime e Blanco Torres dimite, chamándolle indigno, motivo polo que é denunciado por aquel e absolto en primeira instancia pola Audiencia de Pontevedra. Portela recorre aos tribunais centrais de Madrid, onde Roberto é condenado a pagar unha multa de 1.500 pts. e ao desterro a máis de

150 km. de Vigo durante dous anos. En 1931, coa fin da Ditadura, é elixido membro directivo da Federación Republicana Galega, igual que o fora un ano antes da Asociación de Escritores Galegos. En 1932, Casares Quiroga, ministro da



II República, promóveo como Gobernador Civil de Palencia, cargo do que dimitiu pouco despois. Por crítica na prensa a dura represión de Asturias, foi procesado e recluído un tempo no cárcere Modelo madrileño, sendo absolto pouco des-

pois. Aínda que coñecía e trabou amizade con Castelar e Bóveda, el movíase na órbita de Izquierda Republicana e en maio de 1936 é nomeado xefe do gabinete de prensa do Ministerio de Gobernación. A sublevación militar cólleo en Galiza, onde pasaba as vacacións. É detido e encarcerado, primeiro en Ou-

rense e, despois, en Celanova, onde é paseado (é dicir, asasinado). Tiña 44 anos e a súa dona, Xulia, 41. Ademais dos seus artigos, deixaría publicado un libro de poemas, titulado: Orballo de media noite. Remato cunha estrofa súa: “Loitador, non te deteñas! / ¡Levas a verdá no peito, / e a estrela que te guía / ten resplandores eternos!” (Ramón Coira Luaces, Ourense)



Pescados y Mariscos

Pescados Laguna y Martinez, S.L.

Comercializadora de productos del mar para restauración.

Nueva Lonja de Altura
Puerto Pesquero
VIGO

Tel: 698141009
Fax: 986264929

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:
GALIZA: Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) – Montserrat Rodríguez (cursosspanhol.cep@gmail.com) – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán –Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – L. Mtnz. Risco – Fco. Peña – Nemesio Barxa – Andrea GORO – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez
PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves –João Martinho.
MADRID: –Juan Louzán – BARCELONA : Fdez. Valdeorra – PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.
CANARIAS: Fco. Puñal.
NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)
Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto –Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)
Depósito legal: VG-138-2015

Galicia celebrou o Día da Biblioteca

Con motivo de celebrarse o 24 de outubro o Día da Biblioteca, as bibliotecas públicas galegas dependentes da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Educación desenvolveron ao longo da semana unha extensa programación dirixida a achegarlle os seus servizos á cidadanía. Actuacións, obradoiros, xornadas de portas abertas, contacontos, visitas guiadas, liberación de libros e mostras bibliográficas foron algunhas das propostas que tiveron lugar ao longo dunha semana na Biblioteca de Galicia, nas bibliotecas públicas de Lugo e de Ourense, na da Coruña Miguel González Garcés, na de Vigo Juan Compañel, na de Pontevedra Antonio Odriozola e na de Santiago de Compostela Ánxel Casal. Esta última mesmorecoñeceu aos mellores lectores adultos e infantís coa entrega do premio “Superlectores”, consistente en lotes de libros para os usuarios con maior número de préstamo.

En Santiago

Tanto a Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura, como a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal abriron as súas portas o día 24 de outubro con visitas guiadas para coñecermellor o funcionamento das bibliotecas. Ademais, a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal realizou unha campaña de liberación de libros por diferentes espazos da biblioteca, que o lector e lectora levaron para liberaralos de novo, unha vez



lidos, en calquera lugar da cidade, contribuíndo así a expandir a lectura máis alá das paredes da biblioteca. Neste mesmo centro houbo unha sesión de contacontos para bebés “Contos de ida e volta”, a cargo de Charo Pita. Os cativos tiveron a misión de descubrir “Quen matou a bibliotecaria?”, unha actividade para investigar as distintas tarefas que se realizan nunha biblioteca. Para que os máis pequenos entendan o seu funcionamento, a Ánxel Casal programou, así mesmo, unha mostra co título “Historias de biblioteca”, unha selección de libros infantís nos que son

protagonistas as bibliotecas e o persoal bibliotecario. Dirixido ao público infantil, o día 26 Títeres Cachirulo representou “O libro da Selva”. Co obxectivo de estimular que o pracer pola lectura entre polos ollos, a biblioteca iniciou o seu V Concurso de Fotografía “Lendo en Compostela”, con imaxes que suxiran interese polos libros e a lectura na cidade.

A Coruña e Lugo

A Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés viaxa “Allascopertadella Sicilia” cun curso para aprofundar na lingua italiana e na cultura da illa medite-

rránea. Os contos tamén foron protagonistas do Día da Biblioteca o propio día 24 na Biblioteca Pública de Lugo, que programou a sesión “Conto de outono: a nena do farol”. Dentro do programa “Filosofía nas bibliotecas” organizado pola Fundación Euseino, Brais Arribas impartiu unha charla sobre “Deixar ser a diferenza: a potencia política da identidade feble”. Durante todo o día, as persoas que se achegaron á biblioteca levaron de balde un libro e un marca páxinas co lema “Anímate a ler!”. O salón de actos acolleu o espectáculo para todos os públicos “Onde está o mago

Antón?”. Ducas de xogos de maxia para animar a cidadanía a achegarse á biblioteca e descubrir, na visita, os fondos antigos da biblioteca, incunables e manuscritos históricos, que estiveron expostos baixo o título “Os tesouros bibliográficos da Biblioteca Pública de Lugo”.

Ourense, Pontevedra e Vigo

A Biblioteca Pública de Ourense instalou na rúa do Paseo unha carpa para difundir os seus servizos e promover a incorporación de novos usuarios. O persoal técnico da biblioteca realizou ao longo de todo o día, “Consultorios literarios”, nos que ofreceron receitas personalizadas para cada persoa en función do seu perfil lector. Houbo unha visita especial, da man da “fada da biblioteca”, para que nenos e nenas se achegaran aos libros que atesoura. Na Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, Trinketrinke Teatro ofreceu a sesión de contacontos “Paxariños”, para a rapaza a partir de 3 anos. Con cada préstamo efectuado ese día, grandes e pequenos levaron de agasalho un marcapáxinas. A Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel, baixo o título “Bibliotecas arredor do mundo” seleccionou, para público xeral, un conxunto de títulos sobre as bibliotecas máis curiosas e importantes do planeta. A programación rematou cunha sesión de contacontos e cancións para menores de 3 anos a cargo de Soledad Felloza.

Inaugurada a nova biblioteca de Budiño (Salceda de Caselas)

O 24 de outubro, coincidindo co ‘Día Internacional das Bibliotecas’, a concelleira de Educación, Lourdes Moure, inaugurou, xunto coa directora, profesores, membros da Asociación de Nais e Pais (ANPA), ex directores e alumnas e alumnos do CEIP Cruz Budiño, a nova biblioteca do centro.

A mesma é hoxe unha realidade logo de anos de demanda dos sucesivos equipos directivos do centro para que o colexio dispuxese dela. As rapazas e rapaces do Cruz Budiño poderán gozar dela, en principio, en todos os recreos e, nas vindeiras semanas, en horario de tarde, para achegarse ao mundo máxico dos contos, das historias, da imaxinación e do imposible que so se atopa nos libros.



Varias nenas e nenos participaron no acto lendo distintas poesías e, logo, os participantes no mesmo asinaron no libro de visitas que hai na nova dependencia do centro, no que pódense atopar obras de autores galegos, coma Carlos Casares, Manuel María ou a viguesa Leticia Costas, e escritores universais, ademais de coleccións de aventuras ou de relatos.

Coa inauguración da Biblioteca o Concello cumpre con outro máis dos compromisos que adquirirá coa dirección a ANPA e os 114 alumnas e alumnos que estudan no Cruz Budiño, logo de rematar o valado do centro, o illamento das aulas de Educación Infantil, a reparación dos baños e a contratación dun bedel, unha demanda histórica do colexio.

Letras

Por Manuel Rego Nieto

Xa fai unha boa morea de anos que quen escribe foi tenente de alcalde do noso concello ourensán, onde que tiña, entre outras responsabilidades, a organización das Festas e do Festival do Miño-Canción del Mundo Celta. Un ano daqueles, unhas datas antes do San Roque, co que, como se sabe, Ourense ten un voto por telo librado da peste, monseñor Temiño, á sazón o bispo da nosa diocese, chamoume para dicirme que se tiña o asalto

baile na Alameda a tarde de San Roque non habería ofrenda.

Eu consulteino co meu alcalde don David Ferrer e este díxome: “Manolo, al obispo ni caso, que se celebre el asalto baile”. E deixei todo organizado, xa que logo collía vacacións e marchaba coa miña familia a Baiona. Pois ben, xa estando alí chamoume o primeiro tenente de alcalde, Amando Prada Castrillo,

prame dicir que o avisara monseñor Temiño polo asunto das festa do San Roque (levabamos dous anos sen facer a ofrenda), pedindo que se en vez de chamalo asalto baile podíamos pór festa popular. A min saíume un sorriso e díxenlle a Amando: “Dille que sí”. E tivemos o baile na Alameda como tódolos anos, e tamén se reanudou a ofrenda. Son lembranzas daqueles anos (como

moitas máis aínda por contar), nos que os concelleiros traballabamos arreo polo nos Ourense, sen cobrar unha soia peseta. Onde monseñor Temiño era un teólogo de primeira liña. Outro día contarei algunha das moitas conversas que con el tiven



Por Rafel José Adalid

Os contos populares, á par da lenda e do mito, son considerados narracións independentes, onde cada un conserva as súas características propias, mantendo certos aspectos en común entre elas.

E é que a maioría foron transmitidos de boca en boca, dotando ás diversas sociedades de explicacións significativas a cuestións sobre o medio, o universo ou calquera mera alteración presente. Ás veces, nestas historias, só residía un afán de trasladar o paso monótono do tempo a un segundo plano; ocupando o escenario principal da nosa mente ese mundo fantástico e marabilloso que nos narraban, do que infinidade de veces con posterioridade, auto-versionabámoslos con nós de protagonista principal. Aínda que este trío nos traslade tanto a feitos reais coma ficti-



Os contos, lendas e mitos da tradición oral

cios, soen aparecer elementos personificados, resaltándose situacións que se escapan ás posibilidades das leis da natureza. Onde calquera acto impensable, pode ter un fin para o que percibe a historia totalmente explicable e xustificable.

Cando falamos desa historia contada que todos/as gardamos, trasládanos recordos, á infancia e á compañía cos nosos avós e avoas, onde se nos transmitía ese saber popular entre o replicar da chuvia contra as tellas, só interrompido polo berro da raposa. Formamos así parte da tradición oral do pobo, correspondéndonos a súa transmisión ás vindeiras xeracións, evitando o seu desemprego e a súa desnaturalización cada vez máis tanxible.

Afortunadamente, parte desta tradición oral foi e é recompilada por diversos autores, destacando historicamente a nivel internacional na área dos contos os Irmáns Grimm. Pero é innecesario ir tan atrás, pois neste século e no pasado, foi recompilada

por parte de diversos autores gran cantidade de tradición oral na nosa terra, tanto a nivel local, comarcal coma nacional. Descubríndose actualmente novas narracións que puideron permanecer agochadas. Situación que transfire a inquietude de se o gran traballo realizado por parte de moitos, non rescatará a parte da tradición oral do lume incombustible do esquecemento. Certo é que en sociedades pasadas e na actualidade, este compoñente tivo un carácter educativo, non só como puxemos con anterioridade para responder certas preguntas. Pois na antiga Grecia, a tradición oral era empregada como elemento de aprendizaxe, de feito non fai moito lembrome en estudar respecto a esa transmisión diversas nanas como a da Tarara ou trabalinguas como a dos tigres, Pablito... Non é desacertado dicir que o emprego na aula destes tres elementos: contos, mitos e lendas. Dunha maneira directa e indirecta, coa axuda de diversas actividades

aumenta as capacidades de creatividade, imaxinación, memorización ou mesmo a aprendizaxe de valores morais entre moitos aspectos, que conxugan as historias transmitidas. Aproveitando desta maneira para promulgar o uso das tecnoloxías e o fomento do hábito lector, onde o/a alumno/a resalte a cultura propia e o contexto socio-cultural no que participa e vive.

Para realizar esa arte de contalos e inventalos, non só o que o conta se ten que basear na creación da propia historia, debe conxuntalos con outros aspectos que propicien a convicción, procura da atención e a captación das persoas que están ó seu redor. Empregando para iso simulacións das caracterizacións de personaxes, unha boa vocalización e mesmo emprego de disfraces para os máis pequenos entre outros, modelos e trucos que axuden a que sucesos que por lóxica sexan completamente irrealis, poidan ser entendidos como sucesos que transcorreron de forma veraz, como o emprego de lugares ou persoas coñecidas polo/a receptor/a.

Por Inma Otero Varela

Carlos Pazos-Justo, *A imaxe da Galiza em Portugal* (Através Editora, 2016).

Non se me ocorre mellor sitio ca este para comentar a último volume que publica Através Editora. Antes de glosalo, cómpre facer algúns breves apuntamentos sobre a editorial. Xurdida en 2010 na órbita da Associação Galega da Língua, vén publicando obras que escollen a variedade de lingua reintegracionista e que atenden, fundamentalmente, aos xéneros narrativo, lírico e ensaístico. Para alén de nomes cunha ampla traxectoria nas nosas letras como Teresa Moure ou Séchu Sendé, o seu catálogo deu a coñecer nomes cativadores como o de Susana Sánchez Aríns ou voces doutros espazos da lusofonía como a do poeta angolano Ondjaki. No que atinxe aos textos máis divulgativos, non se contemplan só, como cabería esperar desde unha ollada un tanto restritiva, temas que teñan que ver unicamente coa lingua ou coas relacións entre Galiza e Portugal, mais si é certo que ocupan un lugar importante e que, dada a repercusión que están a ter, darían conta do interese que xera esta cuestión.

Sen máis voltas. O libro citado na cima vén sendo a outra cara da moeda que hai uns meses botou ao aire Carlos Quiroga acuñada como “A imaxe de Portugal na Ga-

liza”. Xa na fasquía máis externa, as magníficas portadas de ambos exemplares que deseña Ricardo Cabanelas amosan a irmandade do seu contido. Tras ler primeiramente a análise da evolución dos estereotipos que deitamos sobre os portugueses, adentrámonos agora nos cambios producidos en Portugal en relación ás percepcións que se ten dos habitantes da Galiza. O estilo sinxelo e irónico do autor fai que debuxemos un sorriso cómplice desde a anécdota coa que se comeza. Volverá xurdir en máis ocasións, o que facilita enormemente a comprensión do marco teórico da imaxoloxía desde o

Espellos no Miño

que se enfoca o estudo. Salienta a documentación no perfil dos prexuízos sobre os galegos emigrados a



Lisboa, que acode tanto a fontes xornalísticas como literarias, e a relación que se establece cos preconceitos (e intereses) que operaban en Castela respecto á nosa terra, así como chama a atención a reflexión sobre os contactos que se implantaron na década dos 20 e 30 do século pasado, truncados polo asentamento dos réximes autoritarios nas dúas marxes do río. Non será ata o ingreso de ambos estados ibéricos na Unión Europea e a consecuente habilitación de estruturas comúns que se recuperen os vencellos que

progresivamente, grazas a un maior coñecemento da Galiza ou grazas a fenómenos totalmente alleos a nós e máis próximos á imaxe que espertan outras localizacións do Estado español, substitúen a imaxe pexorativa do pasado por outras máis positivas, aínda que tamén prexuízosas. Se a literatura, tamén os autores e autoras como demostra o eco que Rosalía de Castro tivo no país veciño, foi un dos vehículos privilegiados para establecer e semiotizar nexos, hoxe ese lugar vén sendo ocupado en grande medida polo turismo e as relacións comerciais. Con todo, semella que existe un esperanzador pulo das afinidades nas que non me adentrarei máis por non estragar a recepción dunha obra curiosa e moi recomendable que, malia que o resumo feito aquí non acolle todos os matices do libro, si afonda nos estereotipos e procura as causas da evolución da imaxe na propia evolución da historia. Outro mérito supono a edición coidada que inclúe imaxes e notas á marxe, literalmente, que aínda fan máis prazenteira a lectura.



Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago pásalle o testemuño do Womex a Katowice



■ O alcalde de Katowice, Marcin Krupa, asinou no Libro de Honra do Concello.

A música galega contou cun espazo central no recinto feiral de Womex, que se celebrou en Santiago e onde a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura e Educación compartiu o 'stand' de GalicianTunes con 23 empresas, artistas e asociacións profesionais. O conselleiro de Cultura en funcións, Román Rodríguez; o

alcalde de Santiago de Compostela, Martiño Noriega; e a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, xunto con outros representantes destas institucións, visitaron o mercado internacional instalado no Museo Centro Gaiás, na Cidade da Cultura de Galicia. No seu percorrido, intercambiaron impresións cos profesionais do pavillón

GalicianTunes, ademais de deterse noutros espazos como os de Sounds from Spain, Sol Sonidos Latinos, que agrupa seis países americanos; e Polonia, que acollerá a próxima edición de Womex na cidade de Katowice. No Salón Nobre do Pazo de Raxoi, sede do Concello compostelán, o alcalde da cidade polaca, Marcin Krupa, recibiu o testemuño de mans do

rexedor santiagués, Martiño Noriega, nun acto no que tamén participaron a concelleira de Turismo, Marta Lois; o director do Womex, Alex Walter; Goretti Sanmartín e Román Rodríguez. Na súa intervención, o alcalde de Katowice recoñeceu que "Compostela deixou o listón moi alto en canto á organización do Womex, e nós agora esperamos estar á altura". Marcin Krupa quixo parabenizar a Santiago polo éxito da edición de 2016, "porque a música estaba presente na cidade, non só nos concertos, senón paseando por calquera pequena rúa de Compostela".

Vínculos

Pola súa banda, o alcalde compostelán mostrou o seu desexo de que a boa organización faga que "Santiago sexa para Katowice un espello no que mirarse, malia a que a nosa sexa unha cidade moito máis pequena no cuantitativo que a que para o ano que vén será escenario do Womex".

Martiño Noriega incidíu nos vínculos que unen a Compostela con Polonia "a través dunha ruta xacobea moi utilizada na Idade Media, e que deixou pousos como a igrexa dedicada a Santiago en Torum, ou a Catedral sobre o Camiño de Santiago na Universidade Nicolás Copérnico da mesma cidade". O rexedor tamén lembrou que Compostela "aínda que é pequena en tamaño, é Patrimonio Mundial da Humanidade, foi Capital Europea da Cultura, e está chea de música antes, durante e despois do Womex". Para pasarlle o testemuño na organización do Womex, o alcalde de Santiago fíxolle entrega ao seu homólogo de Katowice dunha serigrafía de Xurxo Martiño na que se pode ver o skyline de Compostela. Martiño Noriega recibiu de Marcin Krupa outro cadro, da igrexa máis importante da súa cidade. O acto finalizou con dúas actuacións: a dun gaiteiro polaco e a do grupo musical Tímila Muzimba acompañado do guitarrista Marcos Teira.

Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa



■ Sesión plenaria da Corporación municipal santiaguesa.

O Pleno da Corporación aprobou por unanimidade a adhesión de Santiago á Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa, UCCLA, como membro observador. Con este acordo, dáselle cumprimento á Lei Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Esa lei indica que os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa. A Unión das

Cidades Capitais de Lingua Portuguesa foi fundada o 28 de xuño de 1985 co obxectivo de fomentar o entendemento e a cooperación entre os seus municipios membro; o intercambio cultural, científico e tecnolóxico; e a creación de oportunidades económicas, sociais e de convivencia, tendo en conta o progreso e o benestar dos seus habitantes. Os estatutos da UCCLA establecen que poden ser membros observadores as comunidades lusófonas e as cidades lusófonas e non lusófonas que queiran acompañar a actividade da rede.

Turismo de Santiago presente en Nova York



■ Oficina de Turismo de Santiago.

Turismo de Santiago estivo presente no Spain 360° Annual Workshop, organizado conxuntamente en Nova York polas catro Oficinas de Turismo de España en Estados Unidos e as dúas de Canadá. Estas xornadas directas de turismo cultural e gastronómico teñen por obxecto facilitar o contacto directo dos mellores destinos e empresas españolas cos máis destacados axentes, turoperadores, maioristas e organizadores de congresos de EEUU e Canadá, especializados nunha ampla variedade de temáticas, como viaxes de alta gama, viaxes para famosos, paquetes a medida, programas culturais, turismo de

eventos e experiencias, viaxes académicas, turismo enogastro-nómico, deportivo e de aventura, caza, pesca e todo tipo de vacacións de familia, grupos, terceira idade, corporativos e de empresa. O programa Spain 360° Annual Workshop celebrouse en tres localizacións privilexiadas: a sede de Turespaña no One World Trade Center, o hotel The Knickerboxer en Times Square e a Hispanic Society of America. O mercado estadounidense é fundamental para Santiago de Compostela, pois en só seis anos pasou de aportar as 20.640 pernoctacións do 2009 ás 65.827 rexistradas no 2015, situándose como terceiro mercado emisor, por detrás de Italia e Ale-

maña. Este espectacular crecemento do 218%, iniciado no Ano Santo do 2010, obedece en boa parte á popularidade do Camiño de Santiago e a súa meta tras a estrea do filme The Way, de Martin Sheen, que contou co apoio da Santiago da Compostela Film Commission. Nas sesións técnicas do evento, que incluíron presentacións dos destinos e empresas participantes e taller "business to business", participaron, ademais de Turismo de Santiago, os entes turísticos autonómicos e locais de Galicia, Andalucía, Costa del Sol, Sevilla, Aragón, País Vasco, Bilbao, Cataluña, Barcelona e Tarragona, entre outros.

Galicia

Redacción A CORUÑA

A Coruña súmase ao manifesto “Verdade, Xustiza e Reparación, Xa”



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, participou este xoves na primeira xornada dos Encuentros de Pamplona: Ayuntamientos por las querellas contra los crímenes del franquismo, cita que ten lugar na capital navarra e na que diversos concellos de todo o Estado (nove nesta primeira edición) analizan as actividades que desenvolverán de cara a apoiar a presentación de querelas polos crimes cometidos durante a ditadura franquista e constituír unha Rede de Cidades pola Memoria, centradas na restitución das vítimas. Ao fío, o rexedor coruñés asinou o manifesto municipalista Verdade, Xustiza e Reparación, Xa! xunto a alcaldes e concelleiros e concelleiras da propia Iruña, Victoria-Gasteiz, Zaragoza, Barcelona, Cádiz, Valencia, Madrid e Rivas - Vaciamadrid. O documento indica que debido ás secuelas

deixadas pola represión “nas nosas respectivas cidades vimos de adoptar amplos e compartidos acordos co fin de interpoñer querelas criminais polos crimes contra a humanidade cometidos pola ditadura franquista”. “Non nos moveu ningún azo de revancha, senón unha esixencia humana de verdade, xustiza e reparación, algo reclamado durante moito tempo pola cidadanía á cal nos debemos”, reza o manifesto. “Con esta intención, os municipios que hoxe subscribimos este manifesto queremos expresar a nosa firme vontade de continuar até o fin a vía emprendida coas nosas querelas e tecer entre os nosos concellos lazos de colaboración e solidariedade municipalista, invitando ao resto de concellos do Estado a sumarse a esta iniciativa, que busca acabar con todas estas décadas de impunidad”, engade.

Palestra



O vindeiro día 02 de Novembro, cuarta (mércores), o economista e profesor Xabier Peres Davila intervirá dentro do ciclo, Economía, Historia, e Realidade Social, co-a súa exposición intitulada “A concentración do poder financeiro ou o novo feudalismo”. Peres Davila é Profesor de Ensino Secundario e Licenciado en CC.EE. Assim mesmo está en posesión do Diploma em Estudos Avançados de Economia com um trabalho intitulado “Factores que influen na viabilidade dos sistemas de protección social”. É um estudioso da evolução do capitalismo desde a II G.M., as relacións entre economía e ecología e o proceso en curso de mercantilización

acelerada da sociedade. É o autor de A batalla polas pensións (1980-2013). Sobre este mesmo tema impartiu conferencias por todo o país e assinou “Pensións públicas, catástrofe demográfica ou asalto planificado?”. É colaborador da “Trabe de Ouro” e doutras publicacións. Desde mediados dos setenta participou en movementos sociais e organizacións sindicais e políticas de esquerda e nacionalistas. Mói activamente no Colectivo Pacifista do Baixo Minho e na Coordinadora Nacional de Organizacións Pacifistas. Entre o 2005 e 2007 encargou-se das seccións de economía e ecología no jornal InfoRosal. En 1986 publicou con Braulio Amaro “30 de Xaneiro, Día Escolar pola Paz. Materiais Didácticos”.

“O futuro de Europa está nas vosas máns”, Julio Ferreiro, alcalde



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e a concelleira de Xustiza Social e Coidados, Silvia Cameán, ofreceron no Pazo de María Pita unha recepción ao alumnado de secundaria que

participa no programa de intercambio 'Home sweet home', do colexio coruñés de Santo Domingo e de distintos centros educativos de Francia, Grecia, Reino Unido e Turquía.

PP e PSOE impiden aprobación accións sociais para 2017 do Padroado da Fundación Emalcsa

O Goberno local da Coruña lamenta “profundamente” a actitude “obstrucionista” dos representantes municipais de PP e PSOE, que imposibilitaron a votación do Plan de Acción da Fundación para o exercicio 2017, co argumento de que os orzamentos da entidade cabeceira (Emalcsa) non están aprobados. “Esta actitude non é de recibo, tendo en conta que, precisamente, no último consello de administración da empresa municipal de augas da Coruña, a representación destes mesmos dous grupos negouse a debater os orzamentos da entidade para o vindeiro ano”, indicou a concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, vicepresidenta da Fundación Emalcsa.

“O asunto tivo que quedar enriba da mesa. Estamos a falar de programas de especial relevancia e sensibilidade, como é o Programa A Flote, cunha dotación de 192.000 euros; destinado a evitar situacións de desprotección de persoas en situación de emerxencia social. O obxectivo é che-

gar a atender a 150 familias en 2017, así como axudar a entidades sen ánimo de lucro para que poidan colaborar cos obxectivos do programa”. Isto é o que se negaron a votar populares e socialistas.

O Plan de Acción da Fundación Emalcsa proposto inclúe non só a prórroga durante o ano 2017 do programa A Flote, senón tamén, a pervivencia do programa Cultura Accesible e Inclusiva, que para o vindeiro exercicio contempla actuacións “como seguir adiante cos protocolos de adhesión”, así como e o resto de accións de participación, e a segunda convocatoria do programa. O investimento é 240.000 euros. O Plan inclúe actividades relativas á promoción deportiva e social (Programa Deporte Solidario e Inclusivo), cun investimento de 295.000 euros. Tamén están previstos dous convenios nominativos por valor de 100.000 e 50.000 euros respectivamente, da Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento e da Concellería de Igualdade e Diversidade.

O PP de Monforte propón que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil mellore a rúa Manuel Murguía



■ Julia Rodríguez con Francisco Marín, en Ourense.

A portavoz do PP de Monforte, Julia Rodríguez, vén de manter un encontro de traballo co presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Francisco Marín Muñoz, a quen lle trasladou a urxente necesidade de acometer melloras na rúa Manuel

Murguía e ante a incapacidade do alcalde de formalizar o acordo que aprobou o Pleno. En concreto, a voceira dos populares de Monforte demandoulle ao presidente da Confederación que leven a cabo unha actuación de mellora do firme, dado o lamentable es-

tado no que se atopa “e que estamos aproximándonos a temporada de chuvias, feito que, a bo seguro, agravará a situación”. “De momento e dada a situación na que nos atopamos, explica Rodríguez, sen uns Presupostos para o ano 2017, só se poderá acometer

unha acción de bacheo de xeito inmediato”, engade. Así, a voceira do PP solicitoulle ao presidente da CHMS que se inclúa nos Orzamento do ano próximo unha partida para acometer unha actuación máis completa de mellora do firme, que inclúa redutores de velocidade nas aproximacións aos cruces para mellorar a seguridade viaria. Julia Rodríguez agradece a boa disposición e colaboración amosada por Francisco Marín. Ao contrario, a voceira lamenta a falta de sensibilidade do alcalde de Monforte que, pese a existir un acordo do Pleno que así o fixa, non tramitou o convenio que poría fin de xeito definitivo aos problemas dos veciños e veciñas da rúa Manuel Murguía. “Nin axuda a resolver os problemas nin propón solucións”, critica Rodríguez. A edil lembra que “o acordo naceu dunha moción presentada polo PP que apoiaron tanto o BNG como Esperta Monforte xa no mes de xuño, pero que o rexedor,

como xa vén sendo habitual, decidiu obviar. Deste xeito, impediu que se formalizara o acordo que a CHMS lle propuña ao Concello para reparar de xeito definitivo o firme da estrada”. A oferta da CHMS ao Concello consistía en acondicionar este tramo do camiño de servizo da canle da marxe dereita, comprendido entre a Estrada de Currelos e a de Chantada, unha solución definitiva coa extensión dunha capa de rodadura a base de aglomerado, sobre a que se regularizarían as tapas de rexistro existentes, procedendo ao perfilado e limpeza das cunetas e o pintado das marcas viais. “Esta solucións representaría un importante investimento no vial por parte de CHMS, e a súa entrega en óptimas condicións ao Concello, que debería mantelo no futuro, o que resolvería a situación dos veciños, pero o rexedor non quixo formalizar ese convenio”, sostén Julia Rodríguez.

IV Xornada micolóxica no Courel

Celebrouse na Estación Científica do Courel o Taller de producións non madeiras do Monte, organizado pola Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica, e a IV Xornada de iniciación á Micología, que organiza a Estación científica do Courel da USC. Comezou cun relatorio sobre sistemas silvopastorais, a cargo de María Rosa Mosquera Losada, profesora do Departamento de Producción Vexetal da USC. O enxeñeiro de Montes Abel Yáñez Armesto guiou unha aproximación ao mundo da apicultura. Deseguido tivo lugar unha sesión sobre plantas medicinais e aromáticas e outra relativa a froiteiras arbustivas, a cargo das tamén profesoras do Departamento de Producción Vexetal

da USC, Rosa Romero e María Belén Díaz Hernández, respectivamente. Os froitos e as sementes das árbores, os cogomelos comestibles e os cogomelos tóxicos foron outras das cuestións que abordaron neste foro os profesores da USC Santiago Pereira Lorenzo e Antonio Rigueiro Rodríguez, ademais do presidente da Sociedade Micológica Lucus, Julián Alonso. Os obxectivos foron introducir aos asistentes no mundo da macromicología; que coñezan as especies máis importantes de cogomelos comestibles e venenosos; que os profesores utilicen os recursos que ofrece a macromicología nas súas actividades docentes; e sensibilizar en relación coa importancia do aproveitamento sostible destes recursos.



■ Participaron persoas de Galicia e de Castela-León.

Destino do Cuartel de San Fernando



■ A xornada celebrouse da Deputación de Lugo.

Celebrouse no Pazo de San Marcos unha xornada de información e debate sobre a conservación e destino do Cuartel de San Fernando. A deputada de Cultura García Porto subliñou que “todas as administracións temos a obriga de pór en valor o patrimonio público. Creo que debemos sumar esforzos para facelo máis público se cabe, buscando o mellor servizo para os nosos veciños. Por este motivo, dende a

Deputación e o Concello de Lugo non dúbidos nin un só intre a nosa colaboración na organización desta xornada, sumando esforzo con todos vós”. Para Lara Méndez López, alcaldesa de Lugo, é unha necesidade converter o Cuartel de San Fernando en Museo da Romanización de Galicia, polo que suporía para o desenvolvemento cultural e turístico dunha cidade “que cree que o turismo xoga un papel fundamental.

Galicia

Redacción LUGO

Centro do peregrino en Monforte



■ Aida Menéndez Lorenzo é ourensana.

Aida Menéndez, presidenta da asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, acusa ao alcalde de Monforte, José Tomé, de apropiarse un plan que tiveron pensado persoalmente antes de concretalo por escrito. “Hai que ter valor para faltar así á verdade e arrogarse as ideas dos demais”, di a presidenta deste colectivo. A decisión municipal é, ao seu xuízo, unha “puñalada traizoeira” para quen traballaron 18 anos “de forma altruísta ata lograr a oficiali-

dade do Camiño de Inverno”. A asociación sostén que Tomé non só torpedeou a súa idea, senón que acabou por convertela nun “miniprojecto enlatado en 25 metros cadrados”. Os impulsores da recuperación do Camiño de Inverno coinciden co PP en que o baixo do antigo hotel Comercio debería dedicarse na súa integridade ao centro do peregrino. Segundo o seu criterio, un proxecto tan relevante non se pode desenvolver “nun espazo semellante a un cuarto dunha vivenda”.

Espaços sacros no Centro do Viño

No Centro do Viño da Ribeira Sacra de Monforte inaugurouse a primeira exposición que presenta en Galicia o fotógrafo portugués Nuno Cardal. Natural de Lisboa, estudou historia na Universidade de Coimbra e está especializado na fotografía de paisaxes de singular valor histórico e cultural. Cardal ten traballado tamén en firmas publicitarias, colaborou en programas de televisión de temática cultural e turística e é autor de varios libros. Algúns traballos seus apareceron na célebre revista National Geographic. A exposición leva por título Espaços

sacros e está dedicada á Ribeira Sacra, que coñeceu grazas ao hostaleiro soberino Antonio Álvarez, de Doade. Á presentación asistiu Sara Inés Vega, alcaldesa de Castro Caldelas e Luís Guitián, rexedor de Sober. A presentación en Monforte, segundo explica Nuno Cardal, “é só o primeiro paso dun percorrido por Galicia que espero sexa prolongado”. Quen está levando as xestións en Galicia é Antonio Álvarez que afirma que será presentada máis adiante na vila de Castro Caldelas (Ourense) e en diferentes partes de España e Portugal, por exemplo en Lisboa e Porto.



■ Intervención de Antonio Rodríguez. Nuno Cardal, segundo pola esquerda.

Visitas guiadas ao románico da Ribeira Sacra

O consorcio turístico da Ribeira Sacra pechou a campaña anual de visitas guiadas ás igrexas románicas. Nos oitenta percorridos desde o 29 de xuño tomaron parte un total de 822 usuarios, fronte aos 830 da anterior campaña. A ruta do municipio de Pantón volveu ser a máis solicitada. A que discorre polos municipios de Chantada e Taboada atraeu esta vez a 109 visitantes. En canto ao número de usuarios, o itinerario de Chantada e Taboada quedou en cuarto lugar dun total de cinco. O primeiro posto, como nas anteriores campañas, correspondeu á ruta de Pantón. En segundo lugar quedou o itinerario do municipio do Saviñao e en terceiro, o de Pantón. A ruta cun menor número de usuarios foi a de Carballedo. Dezasete templos. Na campaña deste ano visitáronse en total deza-



■ Mosteiro das Bernardas en Pantón.

sete templos de orixe románico. As rutas de Pantón e de Chantada-Taboada comprenderon catro igrexas cada unha, men-

tres que as restantes contaron con tres. Nesta última ocasión, os usuarios tiveron a oportunidade de visitar o dolmen de

Abuíme, no Saviñao, así como algúns miradoiros e conxuntos de petróglifos. En canto á orixe dos visitantes, segundo informa Sandra Seara xerente do consorcio, unha gran parte deles procedían de Madrid, Cataluña e Andalucía, como adoita ocorrer desde que se puxo en marcha esta oferta. Esta tempada tamén tiveron un peso importante os usuarios chegados do País Vasco, Castela e León e outras zonas de Galicia. A cifra de visitantes estranxeiros, en cambio, segue sendo pouco significativa. Doutra banda, os usuarios destas rutas expresaron queixas sobre as deficiencias da sinalización turística na zona. Pediron que se amplíen os horarios das oficinas turísticas municipais. Estas queixas xa foron transmitidas aos representantes dos concellos no consorcio.

CESTA Y IAL BOSQUEI II: MICOLOGÍA EN RS
Taller de formación sobre setas, comida degustación con setas de Ribeira Sacra, saída al campo para recoller y clasificar setas (incluye desayuno, guía micológica y navaja). Casa de la Cultura de Quiroga. 30 €

CESTA Y IAL BOSQUEI III: MICOLOGÍA EN RS
Salida al campo, iniciación macrofotografía micológica (no se necesita cámara) y clasificación (incluye desayuno). Casa Concello Ribas de Sil. 15 €

PAISAJE DE OTOÑO I: EL LOIO
Ruta fotográfica a orillas del Loio (PR-G 14, 8,0 Km, 3 horas) con experto en fotografía y monitores (incluye regreso en bus). Piscinas Municipales de Paradelá. 5 €

OTOÑO A VISTA DE RÍO II: VIÑEDOS DEL SIL
Ruta guiada en kayak por el Miño, Maiorga-Augocaida. Área recreativa de Maiorga (Pantón). 8 €

Y MUCHO MÁS: CONSULTA OTRAS ACTIVIDADES DE OTOÑO PROGRAMADAS

5
NOVIEMBRE

6
NOVIEMBRE

12
NOVIEMBRE

13
NOVIEMBRE

Más información e inscripciones: www.ribeirosacra.org/turismo
turismo@ribeirosacra.org o en el 638 823 592.

Concentración contra a LOMCE en Castro Caldelas

A corporación municipal de Castro Caldelas aprobou en sesión pleno e por unanimidade, apoiar aos profesores, pais e alumnos do CPI Virxen do Remedios, na concentración que se celebrou na Praza do Prado da vila. O CPI de Castro Caldeas é un centro integrado con infantil, primaria, e secundaria, cun total de máis de 100 alumnos. A alcaldesa, Sara Inés Vega Núñez, explicou que o Consello Escolar foi quen tomou a decisión de convocar esta concentración ante a súa preocupación por todo o que lles afecta ao centro e, sobre todo aos alumnos, e solicitaron a colaboración ao Concello, polo que levou a pleno e asistiron á concentración todos os grupos políticos. Inés Vega di que se manifestaron en contra da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (Lomce) xa que logo, sobre todo no

que afecta a Castro Caldelas, nas asignaturas optativas hai algúns grupos de 6 alumnos e o mínimo é de 5 para optar a unha carreira de formación profesional, e no Castro elixiuse a opción de académica e calquera alumno que queira facer formación profesional "vaise ver invalidado a facela". Mesmo na localidade veciña de Trives di que tamén só poden optar pola opción de académicas e non teñen opción os que queiran FP. Engadiu que ademais "un alumno que non supere revalida quedase sen titular, e iso é un grave prexuízo porque van saír moitos nenos que non teñen ningún tipo de titulación". Comenta al alcaldesa que o profesorado optou por desdobrar os grupos sen aumentar o persoal para poder dar opción de académicas e técnicas, pero "queda por ver se a inspección permítello".



■ Os estudantes protestaron contra a Lomce.

Xornada de Envellecemento do cerebro e do corazón



■ Carlos Rodríguez Morante, xerente de "El Carmen".

O hospital Centro Médico "El Carmen" organiza para o día 19 de novembro no auditorio municipal a Xornada "Envellecemento: cerebro e corazón", dirixida a profesionais sanitarios e do ámbito da xerontoloxía e ao público en xeral. O xerente do hospital, Carlos Rodríguez Morante, considera que "é parte da nosa responsabilidade organizar unha xornada dedicada a un tema tan crucial como este". Durante a xornada, abordarán o envellecemento desde dous ángulos: cómo afecta ao corazón e ao cerebro. Realizarán conferencias, mesas redondas e talleres durante toda

a xornada, impartidas por profesionais especializados. Rodríguez Morante destaca que se calcula que dentro de 15 anos os maiores de 65 anos xa supoñerán máis dun 25% da poboación, segundo unha recente enquisa publicada polo INE. A instalación sanitaria obtivo en setembro pasado a acreditación EFQM 400+, outorgada por Aenor e o Club Excelencia en Xestión, e renovou o selo ISO 9001:2008, que avalía a calidade de todos os seus servizos. O pasado ano "El Carmen" atendeu 79.588 consultas de especialistas; 3.892 cirurxías; 22.112 urxencias e 5.152 ingresos hospitalarios.

XV magosto en Pena Vixía



■ A pintura do cartaz foi obra do artista falecido Manuel Zapata.

A Asociación Camiño Real e a Lexión Irmandiña celebrarán o XV magosto na Auria Bela o sábado día 12 de novembro. A esta cita lúdico-gastronómica acudirán unhas cen persoas procedentes de toda Galicia, Asturias, Valladolid e Norte de Portugal. Os convidados serán recibidos polo anfitrión, Antonio Pereiras Penabad, na súa casa da Pena Vixía. A rúa máis a praza e o comedor estarán cubertos de alfombras vermelhas. Os asistentes irán ataviados con capas e panos amarelos conmemorativos. Na recepción das 11 da mañá, os con-

vidados serán agasallados con petiscos variados e con cantares populares acompañados de guitarras, zanfoña, gaita e percusión. No xantar degustarán empanada, xamón, embutidos, queixos, polbo con cachelos, bica e cañas de Luzía a portuguesa, ademais de viños, refrescos, cervexa, café de pota e licores. As oito da tarde farase "o paseillo" polo casco vello de Ourense entronizando o magosto. A comitiva voltará a Pena Vixía para asistir ao magosto de castañas con chourizos, caldo e viños animado con cantares populares e fados.



Termatalia agradeceu a colaboración do Concello

O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad, recibiu aos directivos de Termatalia, a Feira Internacional de Turismo de Saúde e Benestar que acaba de celebrar a súa terceira edición en América Latina, en concreto, en Arteaga- Saltillo, no estado de Coahuila, en México. Vázquez Abad agradeceu a Expourense, entidade organizadora da feira, o traballo realizado para contribuír ao posicionamento internacional de Ourense como destino termal e como centro de capacitación de profesionais no sector. O director de Termatalia, Alejandro Rubín, entregou ao alcalde unha placa en agradecemento pola colaboración prestada desde o Concello para a organización da feira, xa que foi un dos principais patrocinadores. O Concello de Ourense contou

cunha caseta institucional desde o cal promocionou os recursos e o potencial termal da cidade. A presenza do concello nesta cita incluíu tamén a presentación do destino Ourense Termal entre tres importantes colectivos profesionais: ante os principais TT.OO. especializados en turismo de saúde de Europa e Latinoamérica; ante potenciais investidores e ante medios de comunicación internacionais. A cidade estivo representada polo tenente de alcalde, José Araujo. Ourense liderou como socio fundador a presenza en Termatalia da E.H.H.T.A. (Asociación Europea de Cidades con Patrimonio Termal), unha entidade que representa aos 26 principais destinos europeos situados en 11 países. No apartado científico, Ourense foi presentado no 11º Encontro Inter-

nacional sobre Auga e Termalismo, as xornadas técnicas que se celebraron de forma paralela e complementario á feira e na que participaron 80 relatores de 20 países. Ourense formou parte do Encontro de Cidades Termais co relatório "Ourense, capital termal española". Participaron nesta sesión outras cidades termais de Portugal, Brasil e Colombia.

Captar inversores

Ourense promocionouse en Termatalia México para divulgar a súa oferta turística co obxectivo de captar inversores para os numerosos proxectos termais, así como tamén novos clientes "Premium" entre os viaxeiros internacionais, sobre todo entre aqueles procedentes de países de Latinoamérica, xa que se prevé que a demanda de



■ Recepción na Casa Consistorial de Ourense.

turismo de benestar nestes mercados creza un 13% ao ano ata 2017. Isto é case o dobre da taxa de crecemento neste sector projectada para Europa e América do Norte que na actualidade son líderes no mercado do turismo de

saúde. Esta circunstancia abre un amplo abanico de oportunidades para destinos termais como Ourense, que pode abrirse a novos mercados entre os que viaxen a Europa motivados polas augas minero-medicinales.

O Concello aumenta as axudas á protección de animais

O Concello de Ourense incrementa este ano nun 43,4% as axudas destinadas a Progage. En total, a protectora de animais percibirá 109.000 euros adicados ao mantemento, renovación de material e funcionamento do albergue de animais situado en As Eiroás. O ano pasado, a cuantía percibida foi de 76.000 euros. Así se puxo de manifesto nunha reunión mantida entre o alcalde, Jesús Vázquez; a concelleira de Sanidade, Sofía Godoy e a responsable de Progage, María del Campo. A estas axudas hai que lles engadir o proxecto de mellora das instalacións do albergue de animais, orzamentado en 60.100 euros. Este proxecto, fundaméntase en cinco grandes eixos de actuación, entre os que destacan me-

lloras como oito novas xaulas para hospitalización de animais (imprescindibles para o post-operatorio e cumprimento coas condicións hixiénico-sanitarias adecuadas), así como a substitución e adecuación de peches e portas metálicas, algo que esixe a lexislación para o benestar animal.



■ Alcalde e concelleira con María del Campo.

Ourense e Norte de Portugal únense por o termalismo



■ A xornada de traballo celebrouse en Melgaço.

O vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), Francisco Marín, inauguraron en Melgaço (Portugal) unha xornada enmarcada en "O Termalismo como elemento dinamizador do territorio transfronteirizo", organizada por ambas entidades, na que expertos nacionais e internacionais, aportan unha perspectiva técnica sobre a captación de fondos europeos e do encaixe e enfoque que se pode dar aos distintos programas operativos. Rosendo Fernández destacou a importancia

da cooperación no proxecto "Raia Termal", "que nos permite ter a posibilidade de alcanzar un maior financiamento para os nosos proxectos, aumentar e dimensionar a oferta do noso produto pero, ademais, permítenos traballar con outros profesionais e xerar transferencia do coñecemento". Sinalou que o termalismo "é patrimonio e un camiño de ida e volta; desde as súas orixes, está vinculado ao descubrimento e á valorización das contornas onde se atopa", e salientou do termalismo "o aproveitamento das súas augas a todos os niveis: co seu carácter médico e de motor dinamizador dun entorno que supera o límite fronteirizo para unir obxectivos comúns e construír arredor deste elemento diferencial único un produto integrado en ámbolos dous lados da fronteira". No encontro constatouse que a consecución de fondos europeos é imprescindible para o desenvolvemento intelixente, sos-

tible e integrador das zonas máis desfavorecidas de Europa, e expúxose o proxecto de cooperación transfronteiriza -POCTEP-, "A Raia Termal", que ten como obxectivo a protección, recuperación e posta en valor dos recursos naturais ligados ao patrimonio termal de fronteira entre Galicia e o Norte de Portugal, co ánimo de contribuír ao desenvolvemento do termalismo e favorecer o turismo de calidade na zona. As entidades promotoras do proxecto son a Deputación de Ourense e a CHMS, tendo como socios aos concellos ourensáns de Bande, Cortegada, Lobios e Muíños, e as Cámaras Municipais portuguesas de Melgaço e Terras de Bouro. O ámbito no que se pretende actuar son as zonas termais transfronteirizas do río Miño (Concello de Cortegada, e Cámara Municipal de Melgaço) e do río Limia, nos ámbitos dos concellos de Lobios, Bande e Muíños, e da Cámara Municipal de Terras de Bouro.

Restaurante
A NOSA CASA
Desde 1972

Terrazas. Aparcadoiro.
Tfno. 988 222 227
Tfno. 610 791 813
Carroleiro, 2. Ceboliño
Ourense





Carne, peixe, marisco, caza.

Pratos de temporada.

EM ÉPOCA BAIXA
PONTE DE LIMA
EM ALTA
2016'2017

▶ **II FESTIVAL DA CARNE MINHOTA**
 4 A 6 DE NOVENBRO

▶ **VI FEIRA DO AMBIENTE E ENERGIA**
 11 A 13 DE NOVENBRO

▶ **VI FESTIVAL DO BACALHAU**
 25 A 27 DE NOVENBRO

▶ **V FESTA DA GENTE MIÚDA E FEIRA INFANTIL**
 1 A 4 DE DEZEMBRO

▶ **I FEIRA DO MEL, SIDRA E DA DOÇARIA**
 10 E 11 DE DEZEMBRO

▶ **X VERDE NOIVOS**
 14 E 15 DE JANEIRO

▶ **IX FEIRA DO PORCO E AS DELÍCIAS DO SARRABULHO**
 27 A 29 DE JANEIRO

▶ **I FEIRA DA EDUCAÇÃO, CIÊNCIA E TECNOLOGIA**
 2 A 5 DE FEVEREIRO

▶ **II FEIRA 100% AGROLIMIANO**
 25 E 26 DE FEVEREIRO

▶ **IV FEIRA GASTRONÓMICA DA LAMPREIA**
 10 A 12 DE MARÇO

▶ **III FEIRA DOS JARDINS E ESPAÇOS VERDES**
 25 E 26 DE MARÇO

▶ **II EXPOSIÇÃO CANINA NACIONAL DO ALTO MINHO**
 ▶ **II EXPOSIÇÃO INTERNACIONAL DE GATOS DE PONTE DE LIMA**
 246ª E 247ª EXPOSIÇÕES INTERNACIONAIS DE GATOS
 1 E 2 DE ABRIL

▶ **III EXPO SAÚDE/JUVENTUDE**
 6 A 9 DE ABRIL

EXPOLIMA

E RESTAURANTES ADERENTES

Estacionamento Gratuito
 Oferta de Leite Creme por doce (Restaurantes aderentes)
 15% de Desconto no Alojamento

Inscrições para Exposições em:

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt

www.visitpontodelima.pt



www.visitpontodelima.pt
 @visitpontodelima
 @municipio.pontodelima
 lima-minter@cm-pontodelima.pt
 (+351) 250 000 400
 GPS Expolima 45°34'57.8047N | 4°14'10.067E

Novas da Raia

Redacción PONTE DE LIMA

Xantar 2017 presentouse na Casa dos Sabores



■ Intervención de Alejandro Rubín na Casa dos Sabores.

Alejandro Rubín Carballo, director xerente de Expourense e presidente da Asociación Galega de Feiras e Eventos, participou na presentación da campaña “Em época baixa Ponte de Lima en alta”, durante a cal presentou a próxima edición de Xantar. Alejandro Rubín destacou na súa intervención a esta cidade como “unha referencia á hora de dinamizar o turismo a través da organización de eventos que viran sobre as potencialidades do o seu territorio e dos seus recursos endóxeos”. Rubín con-

vidou aos veciños a participar na próxima edición de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico entre o 1 e o 5 de febreiro de 2017, e tamén en Termatalia, o principal punto de encontro do turismo termal internacional xa que, segundo referiu “dinamizar o turismo de proximidade tamén se logra a través do fomento de turismo de benestar, que se pode facer a través de degustar unha gastronomía saudable e de gozar da contorna que nos rodea”. Nesta presentación á que acudiron representantes ins-

titucionais, empresariais e numerosos medios de comunicación, o presidente da Cámara Municipal de Ponte de Lima, Vitor Mendes, declarou que “a relación de cooperación transfronteiriza da euro-región Norte de Portugal - Galicia é perfecta e está a ser fundamental para dinamizar o turismo de proximidade da nosa cidade. Desde que participamos en Xantar somos conscientes do importante que é organizar eventos que poñan en valor os produtos endóxeos e de excelencia do noso territorio vendo como a través deles

dinamizamos a economía local; e é que participar nunha cita internacional como Xantar supuxo unha oportunidade para darnos a coñecer a nivel nacional e internacional”.

Feiras ata abril

A nova campaña turística “Em época baixa, Ponte de Lima en Alta” ten como principal obxectivo desestacionalizar o turismo de proximidade na cidade portuguesa atraendo turistas desde novembro a marzo a través da organización de 13 feiras diferentes que se celebrarán durante os fins de semana ata abril. “Serán 13 feiras máis unha, xa que consideramos a Xantar como un evento común”, indicou o alcalde. E é que no seu calendario inclúen a semana de Xantar, para

que nesta ocasión sexan os veciños de Ponte de Lima os que visiten Ourense. Xa está confirmada a presenza desta cidade con caseta promocional, restaurante que será atendido pola escola de hostalería e cun día dedicado. Pola súa banda, Xantar promoverase en todo as accións que a Cámara Municipal promova relacionada coa gastronomía. Tendo en conta a localización estratégica de Ponte de Lima, a vila máis antiga de Portugal, situada no epicentro da Euro-Rexión Norte de Portugal- Galicia, é o destino de moitos visitantes que atopan nesta cidade unha ampla oferta turística desde a gastronomía, o viño, o patrimonio histórico e paisaxístico, o deporte, a natureza ecuestre e o comercio tradicional.



■ Asistentes ao acto de presentación da campaña.

Inauguração do Parque da Vila



■ Secretario de Estado e presidente da Cámara Municipal, na inauguración.

O Executivo Municipal de Ponte de Lima cumpriu mais um dos objetivos delineados para este mandato, inaugurando o Parque da Vila, parque há muito ambicionado e que pauta por ser um espaço de qualidade. A abertura oficial

do Parque da Vila - Parque Urbano, contou com a presença do Secretário de Estado Adjunto e do Ambiente, José Mendes, que reconheceu “Ponte de Lima como um exemplo a seguir, seguindo uma estratégia equilibrada, que privilegia a qualidade de

vida, mantendo-se igual a si mesma”, sustentou o governante. Tendo como principal orientação potenciar as condições naturais daquele espaço com cerca de 5,5 hectares, o Parque da Vila localiza-se na freguesia de Arca e Ponte de Lima, perto de uma zona residencial, próximo de diversos equipamentos e do Centro Histórico da Vila, sendo um espaço que em muito vem contribuir para a qualidade de vida da população. A requalificação deste espaço resultou num investimento do Município de Ponte de Lima de cerca de 650.000€, permitiu recuperar, reordenar a flora autóctone e criar novos espaços, desenvolvendo ainda a ligação funcional com a natureza e a requalificação de uma zona até agora recôndita de Ponte de Lima. O presidente da Câmara Municipal, Victor

Mendes, salientou a importância deste novo equipamento e do investimento que o Município fez, lembrando que as obras se concretizam “graças à disponibilidade financeira do Município”. O autarca mencionou um conjunto de obras que estão a decorrer, representando um investimento de 12 milhões de euros. “É uma mais-valia e o um projeto de cidadania”, disse o Presidente da Câmara Municipal, identificando-o como um projeto de inclusão, “o Município está recetivo aos desafios lançados por várias instituições que se mostraram em interessadas em promover diversas atividades neste novo equipamento.” O Parque da Vila possui vários percursos, trilhos, um parque infantil, miradouro e uma pequena pista fechada em saibro com pump track.



Ponte de Lima promove 13 eventos de novembro a abril

“Em Época Baixa, Ponte de Lima em Alta 2016/2017”

“Compete ao Município de Ponte de Lima constituir-se como alavanca fundamental para que as empresas tenham condições de gerar riqueza e criar emprego, só assim faz sentido o investimento do Município neste projeto “Em Época Baixa, Ponte de Lima em Alta” referiu o presidente da Câmara Municipal de Ponte de Lima, Engº Victor Mendes, na apresentação pública do projeto, que decorreu na Clara Penha – Casa dos Sabores.

A cerimónia contou ainda com a presença de uma delegação da vizinha Galiza, liderada por Alejandro Rubin Carballo, presidente da Associação Galega de Feiras/Eventos e diretor geral da Expourense, que prepara mais uma edição do XANTAR – 18º Salão Internacional de Turismo Gastronómico, que se realiza em Ourense, de 1 a 5 de fevereiro de 2017. O projeto “Em Época Baixa, Ponte de Lima em Alta” visa combater a sazonalidade turística, tornando-se uma mais-valia económica e social para o tecido empresarial do concelho nos vários setores e, em paralelo, promover a qualidade gastronómica e da prestação de um serviço de excelência como um fator de atratividade turística que capta e fideliza os seus visitantes. Entre novembro e abril vão realizar-se 13 eventos, sobre diversas temáticas. O projeto dispõe ainda de condições especiais de estadia e na área da restauração. Durante os fins-de-semana em que se realizam os eventos, haverá um desconto de 15% em alojamento nas unidades hoteleiras aderentes, para as noites de sexta-feira e sábado, da mesma forma que a restauração aderente oferece 1 leite-creme, por dose, nas refeições de sábado e domingo, promovendo uma iguaria típica da cozinha tradicional limiana.

Novembro

4 a 6 II Festival da Carne Minhota

Considerando a riqueza gastronómica, variada e irresistível, confeccionada à base de produtos típicos da terra, o Município de Ponte de Lima realiza o II Festival da Carne Minhota, cujo objetivo é o de promover um dos seus principais produtos endógenos - a Carne Minhota -, como um produto de referência gastronómica do concelho.

11 a 13 VI Feira do Ambiente e Energia

Como forma de preservar e valorizar as potencialidades naturais do concelho, o Município tem apostado numa política ambiental sustentável, tendo já adquirido notoriedade pelas medidas de preservação e conservação dos recur-

sos endógenos. Neste contexto, este evento reforça essa aposta, ao promover novos produtos e serviços do setor, além de vários projetos pedagógicos, que serão



■ Intervención do presidente da Câmara Municipal de Ponte de Lima, Victor Mendes.

apresentados pelas escolas do concelho. De realçar ainda a presença de ateliês com demonstrações de equipamentos e serviços “amigos do ambiente”, promovidos em parceria com entidades nacionais e locais ligadas ao setor energético e ambiental.

25 a 27 VI Festival do Bacalhau Prato emblemático da região é um verdadeiro catalisador de visitantes à Vila de Ponte de Lima, convidando a degustar um prato típico e que outrora era muito comum nas feiras quinzenais como iguaria, preservando-se até hoje essa rica tradição gastronómica que alimenta os que aqui vêm feirar. Além da degustação do fiel amigo, nas suas mais variadas formas, o Festival do Bacalhau promove uma venda de bacalhau seco, produto muito procurado nesta altura do ano, face à proximidade do Natal, proporcionando ao público uma maior oferta de variados tipos de bacalhau.

Dezembro

01 a 04 V Festa da Gente Miúda e Feira Infantil

Desde ateliês educativos, de diversão e de sensibilização para algumas temáticas importantes, a Festa da Gente Miúda é um espaço onde a magia e a imaginação infantil vão dar largas ao sonho e à criatividade, e que se comple-

menta com a Feira Infantil. Dirigida para o público infanto-juvenil conta com a participação das escolas do 1º ciclo do concelho.

10 a 11 I Feira do Mel, Sidra e

para os enchidos e fumados. Neste evento, os visitantes poderão encontrar propostas irresistíveis dos vários restaurantes do concelho, assim como, expositores de produtos regionais e artesanato.

Fevereiro

02 a 05 Feira da Educação, Ciência e Tecnologia

Promover e dar a conhecer os melhores projetos pedagógicos dinamizados pelos Centros Educativos de Ponte de Lima, são os objetivos da I Feira da Educação, Ciência e Tecnologia, durante a qual serão apresentados alguns projetos pedagógicos e Cursos Profissionais e do Ensino Superior. Pretende-se ainda dar a conhecer as inovações tecnológicas e científicas com o apoio de alguns Centros de Investigação e das Universidades. Em simultâneo, este evento será ainda uma mostra das últimas novidades tecnológicas disponíveis no mercado, apresentadas pelas empresas do sector na região.

25 a 26 II Feira 100% Agrolimiano

Esta feira tem como principal objetivo a promoção e valorização dos produtos e serviços associados ao mundo rural do concelho de Ponte de Lima, como a produção de vinho verde, leite, enchidos e fumados, animais, sidra, fruta, cogumelos, mel, entre muitos outros.

Março

10 a 12 IV Feira Gastronómica da Lampreia

Confeccionada na sua forma tradicional, a lampreia consta dos cardápios dos restaurantes do concelho, reavivando gostos e aromas de uma receita tipicamente portuguesa, sendo muito apreciada pelos moradores, visitantes e turistas. Disponível desde o início de cada ano até ao final da primavera, este petisco pode ser cozinhado de diversas formas, com destaque para o Arroz de Lampreia e a Lampreia à Borda-lesa.

25 a 26 III Feira dos Jardins e Espaços Verdes

Ponte de Lima é uma referência a nível nacional e internacional no que respeita à singularidade e à

qualidade de espaços verdes. A Feira dos Jardins e Espaços Verdes dedica-se às plantas ornamentais, ao mobiliário urbano e aos produtos e materiais de suporte à atividade de produção de plantas, aos equipamentos de jardinagem e às tecnologias de gestão dos espaços verdes, quer de empresas locais e de toda a região.

Abril

01 a 02 II Exposição Canina Nacional do Alto Minho - Exposição Felina Internacional – Ponte de Lima

Uma das maiores exposições caninas nacionais realizadas pelo 1º ano em 2015, regida pelos regulamentos da Fédération Cynologique Internationale (FCI) e do Clube Português de Canicultura (CPC), aberta aos exemplares de todas as raças e variedades oficialmente reconhecidas, registados em Livros de Origens ou com Registos Iniciais emitidos por organismos reconhecidos pela FCI.

A Exposição, organizada pelo Município de Ponte de Lima, suportada pelos regulamentos do Clube Português de Canicultura, elege o melhor exemplar da exposição “Best in Show”. Os animais, depois de julgados nas diversas raças, são avaliados em grupos de acordo com as suas raças, vão ainda disputar os prémios para “Jovem Promessa Macho”, “Jovem Promessa Fêmea”, “Melhor Par” “Melhor Grupo de Criador” “Melhor Veterano”, “Melhor Bebê”, “Melhor Cachorro” e “Melhor Exemplar das Raças Portuguesas”.

06 a 09 III Expo Saúde/Juventude A Expo Saúde/Juventude dirige-se a toda a comunidade, nomeadamente aos jovens, com o objetivo de estimular um estilo de vida saudável, livre de hábitos de consumo. Assim, estarão presentes associações e instituições direcionadas aos jovens, abordando diversas temáticas, desde workshops de culinária, atividades desportivas, divulgação de serviços e produtos relacionados com saúde, bem-estar e beleza. O programa inclui, ainda, debates sobre temas emergentes da atualidade. Para mais informações/inscrições consulte

www.visitepontedelima.pt

Redacción OURENSE

Música na ruta dos mosteiros



■ Manuel Doval, Antonio Rei, Rosendo Fernández e Manuel Ulloa.

O programa “Música na ruta dos mosteiros” encherá de vida mosteiros da provincia de Ourense, a través de concertos ofrecidos por corais, así como unha presentación da historia destes emblemáticos edificios do noso patrimonio. Na presentación desta iniciativa participou o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o deputado de Cultura, Manuel Doval; o presidente e o membro do Coro de Cámara de Música Viva, Antonio Rei e Manuel Ulloa, respectivamente. Os mosteiros elixidos para este ciclo de concertos son o de San Clodio de Leiro, o día 23 de outubro; o de Santa María, Monte-

derramo, o día 30 de outubro; o de Oseira, en Cea, o día 20 de novembro; e o de San Rosendo, en Celanova, o día 27 de novembro, todos eles ás 18.30 horas “con percorridos incluídos, para que a música sexa máis máxica e integremos os mosteiros na nosa cultura”, sinalou Manuel Ulloa. Manuel Doval salientou a riqueza patrimonial da provincia de Ourense “posta en valor con este tipo de iniciativas que encherán de vida os mosteiros que son xoias que non existen en tanta calidade e cantidade, en outro territorio español. Este programa transcenderá máis aló da nosa provincia á cal enriquecemos a través da cultura”.

A Uned abriu o curso académico



■ O director da Uned, Jesús de Juana, primeiro pola esquerda.

O Centro Asociado da Universidade a Distancia (Uned) en Ourense, que dirixe Jesús de Juana López, inaugurou o curso académico 2016-2017 nun acto presidido pola vicerreitora de Formación Permanente da sede central, María del Carmen García Alonso. A oferta educativa da Uned en Ourense ten tres liñas, segundo explica o director. “Unha delas é a oferta regrada, que inclúe os graos e os másteres que se poden realizar a través da Uned. No noso caso, hai 24 graos sobre o ámbito xurí-

dico social, das humanidades, das tecnoloxías e ciencias experimentais. A única área que non temos aquí é a de ciencias da saúde. Por outra banda, temos os cursos de extensión universitaria cunha temática moi diversa. Ao longo do ano adoitamos facer sobre 20 ou 30 na cidade e polas principais vilas da provincia. Unha terceira oferta é a denominada Uned Senior, un programa formativo dirixido a maiores de 55 anos. Este ano temos 127 alumnos matriculados”, explicou Jesús de Juana.

Semana Cultural da Asociación Vía da Plata

A Asociación Cultural Amigos da Vía da Plata celebrou o 25 aniversario en Ourense coa XI edición da Semana Cultural. Ademais de festexar o aniversario da asociación, a Semana Cultural rememorou a consolidación do Camiño Mozárabe-Vía da Plata, unha consolidación na que o colectivo traballou moito “pola recuperación física dun camiño que moita xente non sabía nin que existía”, dixo o presidente do colectivo Xosé Lois Rodríguez Cid. Tamén indicou que co Camiño Mozárabe, o nome

de Ourense “é coñecido en máis países dos que nos podemos imaxinar”. Así se desprende tamén dos datos facilitados por Rodríguez, que asegurou que, durante o ano pasado, peregrinos de máis de 50 nacionalidades escolleron a provincia ourensá como punto de partida no seu camiño cara Santiago. Houbo ponencias, exposicións e homenaxes, ademais do habitual concurso de fotografía. A homenaxe que pechou as xornadas adicouse a un dos máximos impulsores da entidade, Elixio Rivas Quintas.



■ O homenaxeado, Elixio Rivas Quintas, segundo pola dereita.

Centenario de Risco en Maxisterio

A Universidade de Vigo conmemorou o centenario do ingreso de Vicente Risco como profesor da Escola de Maxisterio, coincidindo coas vodas de prata da institución académica. A primeira sesión das xornadas pedagóxicas foi unha mesa redonda sobre a evolución dos estudos de Maxisterio en Galicia e Portugal desde 1916. A continuación, os presentes visitaron a exposición Irmandades da Fala e asistiron á conferencia “Proposta das Irmandades da Fala para a renovación do ensino en Galicia”, con Antón Costa como relator. No edificio de facultades do campus de Ourense Xosé Manuel Cid e Xesús Rodríguez presentaron o número 65 da Revista Galega de Educación, baixo o título xeral “A lingua na educación infantil”. Tamén se celebrou unha mesa redonda sobre a situación actual do ensino: “Necesidade dun plano de estudos propio”. Actuaron como relatores Luis Martínez-Risco, docente e presidente da Fundación Vicente Risco; Isabel Mociño, docente da Universidade de Vigo; Narciso de Gabriel, da Universidade da Coruña, e Santiago Veloso, do programa educativo Ponte nas Ondas. As xornadas

pedagóxicas concluíron coa presentación do libro “Estudos e investigacións na Facultade de Educación de Ourense, 100 anos despois de Risco (1916-2016”.



■ Recreación do despacho de Vicente Risco en Ourense.

A área de Igualdade retoma a dinamización rural

A Área de Igualdade do Concello de Allariz comeza o novo curso retomando as actividades que se veñen desenvolvendo, dende hai anos, nas asociacións veciñais. Na maioría mulleres, aínda que tamén algún home, asisten ás actividades organizadas coa finalidade, segundo explica a técnica Ana Cardoso, “de cuestionar as identidades, de xeito que vivamos máis felices e consigamos dotar

de autonomía e liderado aos homes e mulleres que habitan o rural”. No último trimestre do ano, as actividades centranse no coñecemento do entorno e o compartimento do tempo de lecer. Así, a asociación veciñal de Nanín visitou o Festival Internacional de Xardíns de Allariz e a asociación veciñal de Torneiros coñeceu o Museo da Moda de Allariz. A dinamización do rural dende a perspectiva de xénero é un dos principais obxectivos que o Concello de Allariz persegue a través da realización de diversas actividades organizadas polo departamento de Benestar Social. Así, téñense realizado actividades relacionadas coa estimulación cognitiva, o autocoidado, a igualdade e o empoderamento. Algunhas destas experiencias concluíron en proxectos novidosos como “As bicicletas son para as mulleres” e “As herbas medicinais”.



■ As mulleres son maioría nas actividades das asociacións de veciños.

Intercambio cultural con Cadaujac

Allariz recibiu a visita da asociación francesa Cadaujac sans frontières (Cadaujac sin fronteras) para participar nun intercambio cultural con distintos colectivos e entidades alacicanas. A asociación traballa na acollida de agrupacións que favorezan o enriquecemento cultural, social e comercial dos participantes. “O irmanamento con Cadaujac abriu a porta dunha colaboración e coñecemento mutuo a nivel asociativo”, explicou o alcalde, Francisco García. A xornada permitiu coñecer a oferta turística, comercial e cultural de Allariz. O casco histórico, o Festival de Xardíns de Allariz e as tendas outlet foron algúns dos atractivos visitados e ademais os

franceses reuníronse con representantes do tecido comercial, deportivo e xuvenil da vila. Cadaujac é unha poboación e comuna francesa, situada na rexión de Aquitania, departamento de Gironda, no distrito de Burdeos e cantón de La Brède.



■ Os franceses visitando o Festival de Xardíns de Allariz.

Primagas presentouse cunha festa “con boa enerxía”

Festa Primagas, celebrada en Allariz, serviu como presentación pública en Ourense e Galicia desta compañía especializada en gas. A cita xuntou a máis de 1.000 persoas no Campo da Feira da vila e contou coa actuación musical de Os Tristes, o dúo formado polos humoristas Marcos Pereiro e Federico Pérez. Tampouco faltaron unha degustación de polbo e filloas, inchables para os máis pequenos, xogos populares e música de animación, entre outras actividades. Toda a recadación acadada irá destinada á Asociación Puzzle, unha entidade que loita contra a exclusión social e laboral das persoas con discapacidade. O evento contou tamén coa colaboración do Concello de Allariz. Con máis de 20 anos de experiencia no mercado español, Primagas aterrou en Galicia para mellorar as condicións de vida dos habitantes das zonas non urbanas, ofrecéndolles



■ Joost Korver, director xeral de Primagas e o alcalde Francisco García.

alternativas enerxéticas eficientes e limpas. A compañía enerxética presente no mercado español desde 1996, forma parte do Grupo SHV Energy, líder mundial en distribución de gas que dá servizo a máis de 30 millóns de clientes en todo o mundo. O obxectivo de Primagas é converterse na empresa de referencia no mercado enerxético das zonas non urbanas, mellorando as condicións de vida dos seus clientes, a través

dunha solución enerxética eficiente e limpa. Primagas, con máis de 11.000 clientes en España, está formada por un cadro de persoal de 51 persoas e unha extensa rede de instaladores acreditados repartidos polo territorio español. Ademais, a compañía conta con catro delegacións comerciais en Cataluña, Madrid, País Vasco e Galicia, así como con tres plantas situadas no Porto de Barcelona, Zaragoza e máis Segovia.

Poesía e música no Poemagosto

Fundación Vicente Risco e o Concello de Allariz organizaron o Festival Poemagosto, que combinou poesía e música en Allariz na súa terceira edición. O encontro cultural encheu a xornada de actividades desde a mañá e concluíu co concerto duplo de O Leo i Arremecaghona e Mercedes Peón. O home orquestra Cé Orquestra Pantasma animou a nenos e maiores polas rúas da vila acompañando ao público cara o patio do Museo do Coiro, onde rematou a actuación e onde se celebraron o resto de actividades. Estiveron abertos diversos postos de arte, artesanía e produtos locais. A escritora Eli Ríos presentou o seu libro infantil Marta e a pintega, recentemente publicado por Galaxia. Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Casto, ofreceu un recital de poemas da gran poetisa galega -de cuxa

obra é un experto incluídos nas súas edicións críticas de Cantares Gallegos e Follas Novas, publicadas por Xerais. Na entrada do restaurante Portovello, o patio do Museo do Coiro encheuse de música improvisada, tanto da parte galega, cun concurso de regueifas, coma da portuguesa, cunha exhibición de Cantos ao Desafío de Montealegre. Tamén houbo recitais de Ismael Ramos, Iolanda Zúñiga, Gonzalo



■ Actuación do home orquestra na entrada ao restaurante Portovello.

Hermo, Rosalía Fernández Rial, Carlos Rafael, Celia Parra, Lois Antón, Arancha Nogueira, Nuria Vil e Alba Cid. O espectáculo Infractuación: Minux e Arpista Iniciado (Poesía e Distorsión) foi no intermedio do recital. Na carpa instalada no exterior do Festival Internacional de Xardíns, actuaron O Leo i Arremecaghona e Mercedes Peón, que ofreceron un espectáculo creado especialmente para a ocasión cunha banda de luxo formada por Mónica de Nut, Ana García, María Reimóndez, Fernando Abreu e Pablo Carrera. O festival chegou á madurez nesta terceira edición, despois de se converter nun festival de referencia en Galicia e unha cita ineludible para as persoas amantes da poesía e da música galega, consolidando Allariz como a capital cultural no inicio do outono.



o pepiño
de Allariz
CASA DE XANTAR TRADICIONAL

Galicia

Redacción OURENSE

Conferencia Sobre “Xéneros Tradicionais da Música Galega”

En colaboración coa Asociación de Música e Investigación Albedro e a súa Banda de Gaitas Lume de Biqueira



“Eu prefiro chamala charla didáctica”, dixo o mestre gaitero pola Real Banda da Deputación de Ourense Fernando Molpeceres, en alusión á conferencia que pronunciou baixo o título “Xéneros tradicionais da música galega”, froito dos intensos estudos sobre as manifestacións da Cultura Galega e a experiencia de anos impartindo clases de gaita; un acto que se

realizou en colaboración coa Asociación de Música e Investigación Albedro e a súa Banda de Gaitas Lume de Biqueira.

No acto interviñeron, ademais do relator, o coordinador de Actividades da Casa de Galicia en Madrid, en nome do delegado da Xunta en Madrid; o presidente da Asociación de Música e Investigación Albedro e da Banda de Gaitas Lume de Biqueira, e os

músicos: Darío Nogueira, vigués, mestre gaitero, arreglista, compositor e multi-instrumentista; Andrea del Brío (especialista en frauta travesera, instrumentos de vento e de percusión. Gaita e timbal); Antonio Seoane (bombo); Óscar Fernández (gaitero, profesor de Baile Rexional Galego e coordinador da Banda de Gaitas Lume de Biqueira e Cristian Díaz, (tamborileiro na

Banda de Gaitas, tocou o redobante na conferencia).

O encargado da presentación, resaltou a sólida traxectoria de Fernando Molpeceres, que se iniciou coa aprendizaxe da guitarra flamenca cos mestres Rafael Nogueiras e Andrés Baptista; formouse como Mestre Gaitero na Real Banda da Deputación de Ourense e é profesor de gaita na Banda de Gaitas Lume de Biqueira desde 2005. É colaborador habitual do Anuario da Gaita. Ademais realizou conferencias por toda España.

Ángel Hernando falou da Asociación, con 19 anos de existencia, que segue “empeñada en difundir os valores da Cultura Galega, en particular a música, impartindo clases de gaita.

Fernando Molpeceres falou sobre os xéneros tradicionais da música galega e as súas características. Realizou un percorrido polas cuestións craves necesarias para entender a música tradicional, desde “o feito musical no ser humano, pasando polos as-

pectos funcionais e rituais, ata o que hoxe coñecemos como música folclórica. Debullou aspectos e características dos distintos xéneros da música tradicional galega interpretados en directo por Darío, Antonio, Estefanía, Óscar e Cristian, da Banda de Gaitas Lume de Biqueira. E así os asistentes puideron escoitar desde tradicionais alalás, muiñeiras ou xotas, pasando por ritmos importados como rumbas ou gigas e reels.

O acto finalizou coa interpretación dos dous temas máis xenuíños do repertorio tradicional galego: A Alborada Galega e a Muiñeira de Chantada.

“Isto é unha marabilla”, comentaban unhas amigas que acudiron á Casa de Galicia “especialmente” para escoitar a música; “tedes que organizar máis actos deste tipo. Que os demais están ben, pero máis destes, que axudan a coñecer máis sobre Galicia e encima alégrannos a semana”.

Allariz dinamizará a economía

O orzamento do Concello de Allariz para 2017, que ascende a 6.050.791€, centra os seus esforzos na dinamización económica favorecedora da creación de emprego e na oferta dun capital social básico cun amplo abano de servizos públicos municipais de calidade. Allariz é un concello de referencia en equipamentos e

servizos, o que permite seguir medrando en poboación. A administración local seguirá actuando de locomotora da economía local e apostará pola xeración de emprego en programas que poidan permitir unha oportunidade de ocupación ás persoas desempregadas. Algunhas das medidas que garantirán a consecución destes obxectivos pasan pola co-

laboración cos comerciantes e hostaleiros de Allariz coa posta en marcha dunha campaña de incentivo de compras no Concello – Merca en Allariz – dotada de 4.000 € en premios; a sinatura dun novo convenio un novo convenio coa Comunidade de Montes en Man Común de Penamá para incrementar o programa de cría de bois de raza limiá; dinamización do Museo da Moda coa implicación de artesáns locais; a instauración do I Premio Vila de Allariz para recoñecer os traballos de desenvolvemento económico e social de Allariz coincidindo coa celebración dos 700 anos de vida da Festa do Boi; un novo impulso aos eventos anuais celebrados en Allariz; o mantemento de bonificacións no ICIO para a localización de novas empresas no Parque Empresarial de Chorente; a celebración do 8º Festival de Xardíns cunha programación de actividades; incremento turístico-cultural de Santa Mariña cun novo programa de escavacións no Castro de Armea e o castelo de San Salvador; mantemento do programa RE de reciclaxe e separación orgánica.



■ Casa consistorial de Allariz.

Empresas de xardinería



■ Socios da federación española co alcalde de Allariz.

A Federación Española de Empresas de Jardinería (FEEJ) escolleu Allariz como escenario para celebrar a asemblea xeral de socios. A elección de Allariz obedece ao impulso importante que tivo a asociación galega xunto co recoñecemento á labor que se está facendo para favorecer os espazos verde. “Allariz é un exemplo de boas políticas que redundan no benestar e na economía do municipio” explicou Andreu Massoni, presidente

da Federación. O alcalde Francisco García e o concelleiro de Medio Ambiente, Bernardo Varela, exerceron de anfitrións na visita da delegación da federación a Allariz na que coñeceron o Festival Internacional de Xardíns de Allariz. O rexedor agradeceu a presenza do colectivo que “vén de referendar un dos obxectivos do festival que é ofrecer un escenario ao mundo da empresa para a divulgación e promoción das súas actividades.”

Día da bici



■ Participaron cicloturistas de tódalas idades.

Ourense celebrou a edición número 32 do Día da bici que partindo da Alameda do Concello percorreu dez quilómetros por varias rúas da cidade. Nunha carpa situada na rúa do Paseo regaláronse adhesivos e unha bolsa de avituallamento para os

3000 primeiros asistentes. Sorteáronse catro bicicletas, cinco vales para masaxes na Termas de Outariz e dúas fins de semana para 2 persoas nun balneario do grupo Oca Hotels. Para participar na marcha urbana inscribíronse mais de 7000 cicloturistas.

Carreira pedestre do San Martiño

O día 20 de novembro celebrárase a 40 edición da carreira pedestre do San Martiño na que se agarda participen mais dos 11.700 inscritos do pasado ano, segundo puxeron de manifesto no acto de presentación da pedestre ourensá os responsables do Consello Municipal de Deportes, organizador desta carreira. Un magosto popular no Campo da Feira constituirá a maior novidade desta carreira, xunto á colaboración soli-

daria con asociacións contra o cancro e Stop Accidentes. Segundo Jesús Vázquez, alcalde da cidade, a San Martiño “quere ser cita ineludible na axenda social e deportiva desta cidade e bater todos os rexistros de participación”. O prazo de inscrición xa está aberto e os dorsais e camisetas entregaránse o venres, 18 de novembro de 4 a 8 da tarde, e o sábado de 9 da mañá a 8 da tarde na cancha central do Pavillón dos Remedios.



■ Presentación no Concello da carreira deste ano.

Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia

A Orquestra Sinfónica de Galicia ofreceu, no Auditorio Municipal de Ourense, un repaso ás principais composicións para cine compostas en España durante os últimos anos, con especial atención a compositores galegos como Xavi Font, Sergio Moure, Manuel Riveiro e Zeltia Montes, premio Mestre Mateo pola música d'A Esmorga. “O Apóstolo”, que se puido ver en Ourense, “El laberinto del fauno”, “Capitán Trueno” e “Zipi e Zape” foron outras das bandas sonoras com-

postas por galegos que sonaron na sala principal. En total, foron once as pezas de recoñecidos temas do cinema galego as que se escoitaron nun concerto didáctico e ameno. Por outra banda, na sala Azul do Auditorio, os compositores Fernando Velázquez (colaborador de J.A. Bayona en películas como “Lo imposible” e “Un monstruo viene a verme”) e Manu Ribeiro (“Lo desconocido”) deron unha charla dirixida a músicos profesionais sobre edición e produción.

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube. A OSG foi premiada coa Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010. A OSG está financiada polo Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

Anuario da gaita



■ Presentación do Anuario da Gaita, na Deputación de Ourense.

A Deputación presentou a 30ª edición do Anuario da Gaita. “Esta publicación achega investigación, tradición, cultura e etnografía dedicada integramente a un instrumento senlleiro como é a gaita”, dixo Rosendo Fernández vicepresidente do organismo provincial. Segundo Xosé Lois Foxo, director da Escola de Gaitas, é un compendio de artigos científicos de diferentes especialistas que buscan as raíces deste instrumento e que, informan constantemente, e todo elo sen ningún tipo de interese que non sexa a recuperación da historia da nosa cultura, pois a

gaita é a base lírica da música galega a partir do século XIII”. Manuel Rego, colaborador asiduo desta publicación, mencionou tres datos sobre a historia cultural de Ourense, lembrando que “foi chama Atenas de Galicia, polas semanas culturais do Orfeón Unión Ourensana, polas que pasaron os persoeiros do Galeguismo como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, entre outros. Logo nas festas maiores, Ourense tivo o Festival da Canción do Miño que foi unha postal que levou a Ourense por España e o estranxeiro. E, agora, hónranos a Real Banda de Gaitas”.



■ Orquestra Sinfónica de Galicia foi fundada fai 24 anos.

Galicia

CALDAS DE REIS

Caldas de Reis convertirase en capital do medio ambiente de Galicia

CALDAS DE REIS acollerá do 14 ao 17 de novembro a celebración do VII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE - LVI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL, que contará coa presenza de 25 expertos de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos de actuación, o que convertirá a esta vila en punto de encontro de máis dun centenar de ambientalistas. O mencionado congreso, promovido polo Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020, iniciativa itinerante pioneira en Europa e referente da formación ambiental en Galicia, se puxo en marcha no ano 2000 cos parabéns da OMS e baixo a dirección do

profesor Francisco Peña, tras 17 anos de periplo itinerante pola xeografía galega e 55 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados en Galicia, está contribuíndo a sentar as bases do desenvolvemento sostible de Galicia, coa participación de 260 concellos e casi 6.000 ambientalistas.

O congreso terá como sede anfitriño ao Concello de Caldas de Reis, e celebrarase no Auditorio municipal caldense; baixo o mecenazgo dun selecto grupo de organismos, entidades e empresas relevantes, Deputación de Pontevedra, Consellerías de Sanidade e de Medio Ambiente, Axencia Turismo de Galicia, Gas Natural Fe-

nosa, Viaqua, Sogama, Foresa, Humana, Iberdrola, Espina & Delfin, Clavo. Tamén colaboran AENOR, Hijos de Rivera, Applus+, Grupo Soil, Clesa, Ecocelta Galicia, Multiservicios Contucho, ademais de apoiar esta iniciativa a Sociedad Española de Sanidad Ambiental, Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental, Augas de Galicia, Intecmar e Asoprovida. Preténdese establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como as propostas de mellora que se deberán adoptar para intentar corregir e/o minimizar as deficiencias detectadas, ademais de

propiciar un maior nivel de compromiso, a cooperación e o diálogo de todos os axentes sociais implicados na protección e conservación do patrimonio natural de Galicia, mellor legado para xeracións vindeiras; apoiar a formación de técnicos ambientalistas e de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente e promover entornos saudables, e poñer en valor o patrimonio natural de Galicia e contribuir a sentar as bases do desenvolvemento sostible futuro, mellorar a xestión nos aspectos ambientais da saúde dos concellos, e as condicións de vida urbana dos cidadáns, tendo sempre moi presente o peso es-

pecífico que ten o medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, renda, saúde e bienestar á poboación.

Se tratarán temas moi diversos de interese actual: cidades máis saudables e sostibles, a calidade das augas e a súa xestión en Galicia, a xestión dos residuos en Galicia, a xestión dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico. No transcurso do congreso se celebrarán unhas visitas prácticas guiadas ás empresas Foresa, Clavo, Clesa, EDAR municipal de Caldas de Reis, Parque-xardín e Carballeira de Caldas de Reis, Centro de compostaxe comunitario, etc.

VII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE

PROGRAMA LUNS, 14 DE NOVEMBRO

16.00 h | Benvida aos congresistas: acreditación e entrega de documentos.

16.30 h | Acto inaugural: entrega do medallón de prata e esmalte conmemorativo do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles a persoas relevantes do ámbito científico-técnico, empresarial e político.

17.00 h | Presentación da Encíclica: Laudato si' do Papa Francisco: "O coidado da nosa casa común"

Monseñor D. Francisco Javier Froján Madero
Biólogo. Relacións cos Estados. Secretaría de Estado. Vaticano (Roma).

17.30 h | I Sesión plenaria: "Cidades máis saudables e sostibles cara á saúde ambiental de Galicia"

Presidente: Prof. Dr. D. Francisco José Peña Castiñeira

Relatores:
"Programas de actuación en saúde ambiental da Consellería de Sanidade en Galicia"

D. Ángel Gómez Amorín
Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta.

"O papel das empresas de servizos enerxéticos ante o reto ambiental de construír cidades máis ecolóxicas"

D. José Antonio Sánchez Loureda

Delegado de Gas Natural Fenosa en Galicia e Asturias. Enxeñeiro Técnico Industrial - "Mobilidade sostible: vehículo eléctrico + enerxías renovables"

Prof. Dr. D. Francisco Silva Castaño
Delegado de Iberdrola en Galicia. Doutor Enxeñeiro de Minas pola UPM.

"Medio ambiente e desenvolvemento de produtos sostibles, ¿cuestión de química?"

D^a Begoña Gómez Comba
Directora da Planta de Foresa - Caldas de Reis. Licenciada en Ciencias do Mar. Técnico Superior en Química Ambiental. Técnico

Superior en Prevención de Riscos Laborais. Conselleira de Seguridade.

MARTES, 15 DE NOVEMBRO

16.30 h | II Sesión plenaria: "A calidade das augas e a súa xestión en Galicia"

Presidente: Prof.^a Dra. D.^a María Julia Melgar Riol
Catedrática de Toxicoloxía da Facultade de Veterinaria da USC.

Relatores:

"Planificación hidrolóxica en Galicia: estado actual dos plans de saneamento integral de Galicia."

Prof. D. Francisco Alonso Fernández
Xefe do Servizo Territorial (Galicia Sur) Augas de Galicia da Xunta de Galicia. Profesor da UV.

"A xestión integral sostible da auga no medio urbano: situación actual en Galicia e propostas de mellora"

D. José Antonio del Rey Martín
Xerente de Operacións de Viaqua.

"Saneamento integral e depuración de augas residuais en Caldas de Reis: eficacia e mantemento da EDAR"

Dra. D.^a Priscila Artiga Acuña

Dra. en Enxeñaría Química pola USC. Técnica en Depuración de Augas Residuais de Espina & Delfin, S.L.

"O papel de Intecmar no control da calidade das augas para a cría de moluscos"

Dra. D.^a Covadonga Salgado Blanco
Directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia . Xunta de Galicia.

"O impulso do termalismo no camiño portugués como factor de desenvolvemento socioeconómico de Caldas de Reis"

D. Juan Manuel Rey Rey
Alcalde do Ilmo. Concello de Caldas de Reis.

19.30 h | Comunicación: "ASOPROVIDA por unha conciencia planetaria"

D. José Luis González Paz
Departamento de Medio Ambiente do Concello de Caldas de Reis.

MIÉRCOLES, 16 DE NOVEMBRO

09.00-14.00 h | VISITAS PRÁCTICAS GUIADAS (limitadas a 50 persoas):

- Foresa.

- Clavo Food Factory, S.A.

- Clesa.

- ETAP e EDAR municipais de Caldas de Reis, xestionada por Espina & Delfin, S.L.

- Centro de Compostaxe comunitario-Plan provincial de residuos domésticos da Deputación de Pontevedra.

16.30 h | III Sesión plenaria: "A xestión dos residuos en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro"

Presidente: Prof. Dr. D. Felipe Macías Vázquez
Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.

Relatores:

"Plan de residuos da Xunta de Galicia"

D.^a Verónica Tellado Barcia
Subdirectora X. de Residuos e Solos Contaminados (C. de Medio Ambiente- Xunta de Galicia.

"Sogama, abrindo novos horizontes cara a economía circular"

D. Javier Domínguez Lino
Prte. de Sogama. Consellería de Medio Ambiente - Xunta de Galicia.

"Plan REVITALIZA: xestión de proximidade: reciclaxe do lixo orgánico nos concellos de Pontevedra"

D.^a María Martínez Abalde
Técnico de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra.

"A recollida selectiva e reciclaxe de residuos domésticos en Galicia."

D. Marcial Alonso Crespo
Enxeñeiro de Minas. Responsable de Operacións e Comercial no Área de Residuos de Soil Recovery.

17.30 h | I Sesión plenaria: "Cidades máis saudables e sostibles cara á saúde ambiental de Galicia"

Presidente: Prof. Dr. D. Francisco José Peña Castiñeira

Relatores:
"Programas de actuación en saúde ambiental da Consellería de Sanidade en Galicia"

D. Ángel Gómez Amorín
Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde (Dirección X. de Saúde Pública da C. Sanidade - Xunta de Galicia)

"As empresas de servizos enerxéticos ante o reto ambiental de construír cidades máis ecolóxicas"

D. José Antonio Sánchez Loureda

Delegado de Gas Natural Fenosa en Galicia e Asturias. Enxeñeiro Técnico Industrial - Especialidade

Electricidade, Intensificación Automática e Electrónica pola UDC.

"Mobilidade sostible: vehículo eléctrico + enerxías renovables"

Prof. Dr. D. Francisco Silva Castaño
Delegado de Iberdrola en Galicia. Doutor Enxeñeiro de Minas pola UPM.

Profesor de Enxeñaría Ambiental na UDC.

"Medio ambiente e desenvolvemento de produtos sostibles, ¿cuestión de química?"

D^a Begoña Gómez Comba
Directora da Planta de Foresa - Caldas de Reis. Licenciada en Ciencias do Mar. Técnico Superior en Química Ambiental e Prevención de Riscos Laborais..

Conselleira de Seguridade.

XOVES, 17 DE NOVEMBRO

16.00 h | Visita guiada ao Parque-xardín e Carballeira de Caldas de Reis, a cargo do Prof.

Dr. D. Carlos Rodríguez Dacal, doutor en Bioloxía, catedrático de Ciencias Naturais, botánico especialista en xardinería e flora ornamental.

16.30 h | IV Sesión plenaria: "Posta en valor do patrimonio natural de Galicia: xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico"

Presidente: D. Estandilao Fernández de la Cigona Núñez
Naturalista e investigador. Presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía.

Relatores:

"Galicia verde: xardíns e árbores memorables"

Prof. Dr. D. Carlos Rodríguez Dacal

Doutor en Bioloxía, catedrático de Ciencias Naturais, botánico especialista en xardinería e flora ornamental.

"Urbanismo sostible"

Prof. Dr. D. Francisco Javier Sanz Larruga

Experto en Dereito Ambiental. Catedrático de Dereito Administrativo e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. "Emprego e medio ambiente"

D. Juan José Lirón Lago
Subdirector xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

"Novo enfoque da xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial"

D. José Enrique Rodríguez Coello
Xefe do Servizo Comercial de Aenor en Galicia.

"O turismo sostible en Galicia: posta en valor do contorno natural como medio de recreo e rendibilidade económica"

D.^a Carmen Pita Urgoiti
Directora de Promoción de Turismo de Galicia.

20.00 h | Acto de clausura: entrega de diplomas acreditativos.

Información xeral

Lugar de celebración: Auditorio Concello de Caldas de Reis - Pontevedra).

Datas: do 14 ao 17 de novembro de 2016.

Horario: mércores de 09.00 a 14.00 h. - visitas prácticas (limitadas a 50 prazas); de 16.30 a 20.30 h. (luns,martes, mércores e xoves

Ecocelta: empresa en expansión, Sergio H. Quiroga, director-xerente

Sergio H. Quiroga Rivero é Inxeñeiro Agrónomo Superior pola Universidade de Morón (Bos Aires-Arentina). Ten un Master - Curso como "Experto en Xestión de Resíduos xerados en explotacións agropecuarias", pola Universidade de Santiago de Compostela.

Por Guillermo Rodríguez Fdez.



Co gallo de participar como Ponente no Congreso sobre Medioambiente e Saúde que se vai celebrar en Caldas de Reis, organizado e dirixido polo Profesor Francisco Peña Castiñeiras, os días 14,15, 16 e 17 de novembro, quixemos coñecer máis polo miúdo cal é a actividade da súa empresa ECOCELTA, situada na aldea de Pías - Ponteareas, polo que tivemos unha breve conversa que deu de sí o que expoñemos de seguido.

Dende cando a túa empresa se dedica a compostaxe?

■ Desenvolvemos a actividade de Bioxestión sostible de Resíduos Orgánicos dende novembro de 2003

Sabemos que noutros tempos ti vestestes problemas co goberno local. Cal era a e como está resolto?

■ A problemática foi que a granxa avícola ilegal que está a carón da nosa empresa ECOCELTA

pretendeu ampliar as súas instalacións, pero a vixente lei, logo da gripe aviar, exige 500 metros de separación entre explotacións. polo

que Medio Rural non lles permitía ampliar. Logo a única solución era que ECOCELTA desaparecera ou pechara.

Para conseguir ese obxectivo os veciños familiares da granxa e do concelleiro popular de Cultura do goberno local, naquelas datas, Andrés Sampedro, uníronse para botar abaixo ECOCELTA e quitárala dalí, facendo presión na alcaldía e no pobo con todo tipo de accións, ata que o alcalde se plegou as súas esixencias e comezou tamén el

presionando dende a Alcaldía. En menos de dous anos e medio recibimos 140 inspeccións.

Como non puideron pechar a empresa, pois estábamos legalmente establecidos, paralizáronnos inxustamente e



denegáronnos a licenza xa concedida, polo que perdemos todos os contratos de produción que tiñamos asinados.

Estivemos a punto de ir á creba. Finalmente tivemos que ir ao Xulgado do Contencioso para defendermonos e recuperar a licenza. Este litixio durou case tres anos. Obviamente, déronnos a razón, polo que a finais de 2012 puidemos voltar a traballar pese ao dano producido. A recuperación aínda continúa e non recibimos ningunha compensación por parte do Concello.

Cres que existe suficiente axuda dende os poderes públicos para actividades como a vosa?

■ Aínda non existe apoio real para as actividades que realizan emprendedores coma nós. Creo que comenza a existir algún interese polo que estamos facendo. Descoñezo se iso vai vir acompañado dalgún tipo de axuda.

Como están a nivel de Galicia e do Estado actividades coma a vosa?

■ A actividade como instalación comarcais a nivel de Galicia está moi pouco desenvolvida, pero a nivel estatal existen autonomías que si están avanzadas, como Navarra, Madrid ou Cataluña.

En que consiste e que posibilidades ten de comercialización a nivel español e europeo ese método que vides de anunciar? Podías describilo esquematicamente para os nosos lectores?

■ O sistema Biolóxico para a depuración de augas residuais é un filtro de capas biolóxicas no que a auga residual vai pasando niveis con diferentes microorganismos encargados de depurar, reducindo os compoñentes contaminantes da auga até valores que permiten unha segunda etapa de depuración con plantas acuáticas macrofitas. Nesta última etapa as plantas inxectan

oxíxeno e toman nutrientes conseguindo que a auga residual quede completamente depurada. En purins logramos un 98% de depuración sin

uso de químicos.

A empresa ECOCELTA como a podemos considerar? unha PYME?, unha empresa en expansión con proxecto de ser algo importante?

■ Ecocelta é unha PYME que representa un modelo de planta comarcal, que no caso de ser adoptada como exemplo de xestión biolóxica, pasaría a ser unha empresa en expansión, xa que en Galicia poderíanse ter polo menos 10 plantas como Ecocelta. Por outro lado o sistema de depuración patentado por nós pode aplicarse en miles de granxas gandeiras, facendo que o nivel de facturación da empresa pase a valores millonarios.

Como cualificarías os congresos sobre Termalismo e Saúde que convoca o profesor Peña por todo o territorio?

■ A cualidade das presentacións e os conferenciantes que participan nos congresos do Profesor Peña son de gran valor para o desenvolvemento ambiental de Galicia e de España. Manteñen actualizadas a centos de persoas que traballan o colaboran en Medio Ambiente, presentando as novidades e avances tecnolóxicos que se aplican con éxito.

Desexas engadir algunha cousa máis que nos quedara no tinteiro?

■ Soamente engadir que a xestión biolóxica de residuos será unha actividade que se integrará en cada vila ou comarca como un eslabón máis da comunidade, favorecendo a diminución do impacto ambiental por transporte de residuos e a reutilización local dos produtos obtidos (enerxía, abonos, sustratos, etc.).

Grazas Sergio pola túa aportación á mellora do medioambiente e por darnos a coñecer avances técnicos que nos farán unha vida máis agradable e máis sana.



Novas da Raia

PONTEAREAS

Renovación da directiva do Club Ciclista Ponteareas

O Clube Ciclista Ponteareas ven de rematar unha tempada de éxito. Os seus componentes nas distintas categorías eswtiveron sempre nas primeiras posición.

O pasado día 21 comezou unha nova etapa coa renovación da xunta directiva, encabezada por Marcos Porto Isla (Presidente), Vicepresidente Daniel Fernandez Estevez, Secretario Jose Luis Giraldez Novas, Tesoreiro Manuel Gregores Martinez e coma vocais Juan Manuel Posada Castro, Manuel Rodriguez Gil, David Alfonso Giraldez, Eladio Javier Gonzalez Seara, Miguel Angel Gandara Miguez, Santiago Fernandez Lopez e Manuel Francisco Gil Dominguez.

Todos eles son pais dos nenos do Clube que decidiron involucrase dando un paso á fronte neste nova etapa do Clube Ciclista Ponteareas. xa que entenden é unha entidade cunha gran traxectoria

que debe estar no máis alto.

Os novos membros da directiva xa viñan traballando na programación da nova tempada antes de tomar posesión dos seus novos cargos, destacando a contratación de José Fco. Veiga García como director deportivo; persoa que cren coida ao máximo o trato cos nenos e a súa ilusión polo ciclismo, que na anterior tempada tamén foi entrenador do clube.

Manifestan traballarán arreo nesta nova tempada 2016-2017, para que sexa unha nova etapa de transformación e renovación, sempre tendo en conta o benestar dos nenos que para todos eles son fundamentais, contando sempre coa axuda das nais e país.

En breve anunciarán os posibles fichaxes esperando que a Escola de Ciclismo conte cada vez con máis nenos aos que lles ilusione o ciclismo, e o pasen ben enriba dunha bicicleta.



Facilitan datos de contactos para que as nais e país que queiran que os seus fillos formen parte do clube poidan informarse no telf.. 639074154, ou no e m a i l :

clubciclistaponteareas@gmail.com. Pero o que mais enorgullece a tódalas persoas que forman parte do Clube Ciclista Ponteareas e contar con un gran deportista nas suas filas como

Borja Gomez Mendez, un rapaz que sabe gañar o cariño de tódolos seus compañeiros, quen, xunto ao seu pai Calis, participou no comezo da Copa Galicia de Ciclocross.

Os alumnos dos centros Asprodico de Ponteareas e Cogami de Mos gozaron dunha xornada de convivencia



C o gallo da apertura do Centro de Recursos de Persoas con Discapacidade da Confederación

Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) os alumnos de Asprodico foron convidados a coñecer as súas instalacións

A xornada de convivencia foi unha iniciativa do agrado das alumnas e alumnos de ambos os centros de Ponteareas e Mos. Comezou ás 10.30 horas e alongouse até as 16.00 horas. Puideron coñecerse me-

diantes dinámicas de grupo, compartiron almorzo e xantar, mais a diversión chegou da man das actividades de lecer como un taller de elaboración de coreografías ou un karaoke.

"A resposta a esta actividade por parte do alumnado danos azos para seguir nesta senda, agradecemos o convite de COGAMI e esperamos devolvela cunha futura actividade conxunta en Ponteareas", manifesta a concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera.

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
Ponteareas (Pontevedra)
TLF: 986540834

O PORRIÑO

O Concello acadou, a 'débeda cero'



O Concello do Porriño está xa, dende inicio deste mes de outubro, en 'débeda cero'. Como indicou a alcaldesa, Eva García de la Torre, unha "xestión económica modélica" e o feito de que haxa partidas orzamentarias que non se esgoten, fai posible que se veña de engrosar o remanente de Tesourería que, dacordo cos seus cálculos, superaría os 6 millóns de euros netos.

Isto supón que nos orzamentos municipais de 2017, engade a rexedora, non sexa necesario dotar partida algunha para o pago de débeda, aínda que García de la Torre considera que "é unha anomalía acumular un remanente de

Tesourería tan importante" e, considerando esta circunstancia, agarda poder pactar os novos presupostos, "para destinar esa cantidade a inversións necesarias para O Porriño, coma todas as que propoñen os grupos da oposición nos Plenos da Corporación".

A alcaldesa subliña que estas cantidades poderían dedicarse aos proxectos pendentes de saneamento, fomento do emprego, Benestar, á mellora de infraestruturas, como estradas e camiños, vías e obras, necesidades das parroquias ou parques públicos, "entre moitísimas outras demandas das veciñas e veciños da vila".

Programación Cultural
Concello do Porriño

Exposición fotográfica "Macro e auga" de Juan Carlos Giraldez
Dende o 19 de outubro • Centro Cultural Municipal

Exposición "As Nenas e Nenos Soldado" de Moma Badiane
Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Do 19 ao 30 de outubro • Centro Cultural Municipal

Conferencia "As Nenas e Nenos Soldado"
Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
21 de outubro • As 20.00 h. • Centro Cultural Municipal

Colocación de calceiros dos Centros Educativos do Concello
26 de outubro • Pola mañá • Dende a Praza Arz. Antonio Palacios ata o barrio de San Sebastián

Festa do Samalín
Organiza Asociación de Veciños de San Benito e San Sebastián
6 de novembro • Barrio de San Benito

Orquestra de Pulaio e Pila e Orfeón "Arousa" de Vilagarcía
21 de novembro • As 20.00 h. • Igrexa Sta. Mariá do Porriño

Conferencia sobre o cancro
Ponente: María Sanmartín Guillás, traballadora social
Ponente: Carmen García Hixón, coordinadora de voluntariado
Organizan: Asociación Española Contra o Cancro de Pontevedra e Concello do Porriño
16 de novembro • As 18.30 h. • Centro Cultural Municipal

Compañía Lírica de Concerto Guirros e Toldra
19 de novembro • As 20.00 h. • Centro Cultural Municipal

Curso de Xadrez
Sábados de 11.00 a 13.00 h. e xoves de 18.00 a 20.00 h.
De outubro a maio • Edificio Centro Cívico

ACEESCA na rúa. Posto de artesanía
A partir do 18 de outubro, de xeito quincenal • Plaza da vila

ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

Club de lectura para adultos/as / Pagamento mensual previo
Luns aforos de outubro a decembro • De 18.00 a 20.00 h.

Grupos de conversación en inglés / Pagamento mensual previo
Os martes de outubro e novembro • De 19.00 a 20.00 h.

Lúa ConLuvai
Todos os xoves ata decembro • As 18.30 h.

Club de lectura infantil / Pagamento mensual previo
Venres aforos de outubro a decembro • De 18.00 a 19.30 h.

Obradoiro de alfabetización dixital para persoas adultas.
Nivel elemental / Pagamento mensual previo
5/19/20 de outubro e 2 de novembro • De 10.00 a 11.00 h.

A Comuniteca / Pagamento mensual previo
14/20 de outubro e 11/25 de novembro • As 18.30 h.

Obradoiro de alfabetización dixital para persoas adultas.
Nivel iniciación / Pagamento mensual previo
Nov/14 de novembro e decembro • De 10.00 a 11.00 h.

Obradoiro de ciencia / Pagamento mensual previo
16 de novembro • De 17.00 a 19.00 h.

A Hora do Código / Pagamento mensual previo
13 de decembro • De 18.00 a 20.00 h.

Esta programación pode ser obxecto de modificacións. Información ampliada, novidades e modificacións serán publicadas na súa páxina: www.ecultura.net

50 Aniversario da Biblioteca Municipal do Porriño

Xornada da liga galega de Baloncesto



Este mércores, dende as 10 e media da mañá, o Pavillón Municipal do Porriño foi o escenario dunha nova xornada da Liga Galega de Baloncesto organizada pola Federación Galega de Deporte Adaptado.

En total 170 xogadoras e xogadores de 17 equipos, Aspanaex, Asdan, San Rafael, San Xerome, en competición masculina, Esclavas 'A', Esclavas 'B' e San Xerome, en competición feminina, San Rafael, Asdan, Juan XXIII e Méndez

Núñez, en Adaptada Masculina, e Poriño, Méndez Núñez, Saia, Aceasca, Aspanaex e Aspavi, en Adaptada Mixta, xogaron un total de 17 partidos, ata preto das 2 da tarde, para decidir quen se levaba o trunfo.

Os encontros, en categoría de 'Competición', se xogaron en 4 tempos de 8 minutos, en campo regulamentario, e en 'Adaptada', 5x5, se disputaron en 4 tempos de 6 minutos.

Á finalización da xornada o primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Deporte, Manuel Carrera, felicitou a todos os participantes ao que transmitiu "o meu orgullo e admiración polo voso esforzo e afán de competición". Carrera volveu a poner á dispoñición das xogadoras e xogadores as instalacións deportivas e a hospitalidade do Porriño, "estades na vosa casa, porque O Porriño é iso: a vosa casa, que está e estará sempre aberta para vós", concluíu.

EMT ESMETUY S.L. ESTRUCTURAS METÁLICAS

TEL: 986 60 70 39 POLIG. OS VIVEIROS, PARC.1
FAX: 986 60 39 44 GUILLAREI - 36720 TUI
MÓVIL 606 96 87 11 PONTEVEDRA
administracion@esmetuy.es

Novas da Raia

Redacción PORTO

Turismo Porto e Norte protagonista en Xantar 2017

Turismo Porto e Norte de Portugal será un dos grandes protagonistas da vindeira edición de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, que se celebrará en Ourense entre o 1 e o 5 de febreiro de 2017. A Entidade de Turismo Porto e Norte de Portugal (TPNP) e Expourense asinaron en Porto un convenio de cooperación transfronteiriça que, entre outros temas, confirma a presenza de forma masiva e activa da rexión de turismo e das cámaras municipais integradas nela en Xantar 2017. Ademais, contempla accións estratéxicas conxuntas de promoción do turismo gastronómico do Norte de Portugal e de Galicia en eventos nacionais e internacionais e deixando as portas abertas á colaboración académica e empresarial. Esta colaboración farase extensiva ó outro gran proxecto internacional de Expourense vencellado ao turismo, Termatallia, Feria Internacional de Turismo de Termal, Saúde e Benestar.



■ Intervención de Alejandro Rubín no Porto Welcome Center.

Este protocolo de colaboración foi asinado pola directora de Turismo da TPNP, Isabel Castro, e polo director xerente de Expourense e director de Xantar, Alejandro Rubín. Logo disto realizouse unha presentación dos obxectivos de Xantar 2017 ante un público no que se atopaban representantes de boa parte das 86 cámaras municipais integradas na TPNP e coas que Expou-

rense tamén traballa a cooperación transfronteiriça como Ponte de Lima, Braga, Esposende e Ponte da Barca. Tamén mostraron o seu interese por acudir a Xantar representantes da cidade de Vila Nova de Gaia, Celorico de Basto, Paços de Ferreira, Santa Marta de Penaguião, Maia, Espinho, Chaves, Santo Tirso e Póvoa de Lanhoso, entre outros. Ademais, reforzando o papel de

Xantar como punto de encontro das confrarías gastronómicas a nivel internacional, asistiron a esta presentación membros da Confraría do Caldeirada de Espinho.

O recén inaugurado "Porto Welcome Center", Tenda Interactiva de Turismo, un punto de referencia para a recepción de visitantes internacionais ubicado no centro de Porto, foi a sede elixida por

TPNP para visibilizar o seu compromiso con Xantar. Esta Tenda Interactiva de Turismo constitúe unhas das iniciativas conxuntas que se están a explotar dende Turismo de Galicia e TPNP no marco do memorando de colaboración asinado polas rexións co obxectivo de favorecer un mellor coñecemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e valorizar a súa riqueza e diversidade turística alén das súas fronteiras. Expourense convértese así nunha das primeiras entidades de Galicia en facer uso deste centro para promocionarse.

Logo da sinatura deste convenio, Porto e Norte de Portugal reforzará o seu papel protagonista en Xantar que xa quedou patente na edición de 2016. Entidades turísticas, cámaras municipais e empresas desta rexión apostan polo salón como o mellor escaparate promocional dos seus recursos enogastronómicos, para fortalecer o turismo de proximidade e para estreitar as relacións comerciais entre as empresas da Península.



FUNERGAL

9ª Feria Internacional de Productos y Servicios Funerarios
11 y 12 de Noviembre de 2016
OURENSE - GALICIA - ESPAÑA

Solicita ya tu acreditación profesional en:
www.funergal.com

Descárgate la APP Oficial



Participa en el Centro de Negocios para España y Portugal



MONÇÃO

Melhoria da rede viária e defesa patrimonial de Vale de Poldros

No habitual périplo pelas freguesias, o presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, acompanhado pela vice-presidente, Conceição Soares, e pelo vereador, Paulo Esteves, tomou contato com os trabalhos em desenvolvimento na freguesia e com as prioridades defendidas pelo executivo local. Por um lado, a melhoria das acessibilidades entre os lugares de Riba de Mouro e as freguesias vizinhas. Por outro, o reforço da componente patrimonial e turística associada a Santo António de Vale de Poldros. Duas áreas de intervenção prioritárias juntamente com a requalificação do cemitério da freguesia. Conduzidos pelo presidente da Junta de Freguesia de Riba de Mouro, José Manuel Fernandes, pela secretária, Marta Alves Gregório, e pelo tesoureiro Carlos Elias Barreiro, a visita englobou deslocações a diferentes lugares da freguesia, abordando-se, no local, o ponto da situação de cada empreitada e as necessidades sentidas pela junta.

Cemitério

O 24 de outubro cúmprese un ano do asasinato de Conchi Reguera, muller de 38 anos que perdeu a vida en Ponte Sampaio tras recibir ata 20 coiteladas que presuntamente lle asestou a súa exparella, José Antonio Lusquinos Bustelo, quen asumiu a autoría do crime nos interrogatorios aos que foi sometido.

O recentemente constituído Colectivo Feminista de Pontevedra quixo lembrar hoxe a Conchi coa lectura dun poema. 'La Jaula', de Alejandra Pizarnik, foi a peza escollida polas integrantes da agrupación con motivo deste cabodeano.

Conchi Reguera foi unha das mulleres vítimas da violencia machista en Pontevedra en 2015. Nese ano, oito mulleres perderon a vida a mans de homes na nosa provincia (incluímos nese dato as dúas meniñas moraesas, Amalia e Candela, presuntamente asasinadas polo seu pai en xullo de 2015). Conchi Reguera, Beatriz Rodríguez, Divina Mendes, Silvina de Oliveira, María José Rodríguez, Marina R.B., Amaia e Candela son algo máis que números nas estatísticas: o Colectivo Feminista Pontevedra lembra

que cada vítima da violencia machista é un fracaso global dun sistema no que a igualdade entre mulleres e homes é só unha quimera. É obriga de todos e todas loitar contra todo acto que –física ou psicolóxicamente– atente contra os dereitos da muller.

Reunión

A reunión do CFP (celebrada no seminario 3) serviu para debater os actos que se programaran con motivo da celebración do vindeiro 25 de novembro e para tratar asuntos relativos ao funcionamento interno da entidade.



SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Mesa pola Normalización Lingüística reúnese ca compañía eléctrica Xenera

A Mesa reuniuse onte, día 2 de novembro, con Ulises Varela Ruibal, xerente da compañía eléctrica Xenera, máis coñecida polo anuncio de "A vaquiña polo que vale".

O encontro tivo como motivo o uso decrecente do galego nos servizos públicos e a difusión da existencia de empresas que ofrecen calidade engadindo a responsabilidade lingüística.

Xeneraacolleu a solicitude da Mesa de mellora da presenza do galego na opción correspondente dentro da páxina web da empresa e comprometeuse a manter a opción de galego en todos os seus servizos como a atención ao cliente ou a documentación interna.

A empresa Xenera mostrou interese tamén por formar parte do proxecto "Abertos ao Galego" (certificado que se concede ás empresas, comercios, asociacións e entidades que adopten e desenvolvan compromisos para a normalización do galego. Neste caso, a empresa Xenera interesouse polo certificado do nivel dous o que implica ofrecer toda a súa información exterior en galego.



A Mesa parabenizou a empresa de fornecemento de servizos de enerxía polo seu compromiso co galego visíbel nas rúas e medios de comunicación de Galiza a través da publicidade no noso idioma e sinalou esta actitude exemplo para outras que aínda negan calquera posibilidade de uso da lingua propia de Galiza

AS NEVES

Novas contratacións no Concello

Nestes días levanse a cabo varios procesos de contratación eventual e de interinidade

O Concello das Neves volta por en marcha varios procesos de selección de persoal que van contribuír a mellora da empregabilidade da veciñanza e tamén seguir apostando por prestar os servizos de xeito público e eficaz.

Por unha banda, contratarase unha persoa para o posto de traballadora social e outra terá un contrato de relevo para a substitución dun empregado municipal en

prexubilación. Estes empregos van ser cubertos con fondos do propio Concello. Tamén están abertos os procesos de contratación de cinco empregados durante 6 meses para diversas labores. Comezarán a traballar no vindeiro mes, un condutor, dous peóns e dous limpadores. Este contratos faranse a través dunha subvención de Xunta de Galicia para o fomento do emprego no rural, aportando o Concello o 46 por cento dos custes salariais.



As Neves actualiza os seus medios audiovisuais e de son

As melloras inclúen equipamentos para o auditorio e tamen para o exterior

O Concello das Neves ven de rematar a adquisición e colocación de novo equipamento audiovisual e de son no Auditorio Municipal. Tamen contara con materiais para eventos no exterior ou noutras instalacións.

No Auditorio Municipal instalouse un novo proxector, unha mesa para o control da nova iluminación escénica, unha mesa para o control do son, etapa de potencia, equalizadores, P.A., subwoofers e novos microfónos con toda a instalación precisa e coas últimas tecnoloxías.

O Alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez Mendez, salienta que se afrontou a renovación de equipos antigos, desfasados e que xa non cumprian coas necesidades do departamento de Cultura que leva revolucionado As Neves no seu ámbito coa posta en marcha de diversos ciclos culturais, como son, Outono de Teatro, Cinema de Inverno e Primavera de Música.

Ademais cos equipamentos para o exterior, o Concello avanzará nas posibilidades de descentralización levando con máis facilidade os eventos as parroquias.



Novas da Raia

SALVATERRA

O castelo de dona Urraca en Salvaterra de Miño acollerá durante o mes de novembro unha exposición de mobles e vestimentas

A mostra recreará diferentes espazos do fogar tradicional galego como son o dormitorio, a cociña ou a sala de estar. Así mesmo, o visitante tamén poderá apreciar traxes, mantelería e outros adornos con máis de 130 anos de antigüidade.

A colección foi ofrecida ó Concello de Salvaterra de Miño por unha veciña de Salvaterra, Dona Carmen Formoso, mestra xubilada do municipio. Esta exposición temporal ubicarase no primeiro andar do Castelo de Dona Urraca. Como leva facendo, ó longo deste ano 2016, o Concello de Salvaterra de Miño ven apostando forte pola dinamización e revitalización deste singular espazo histórico, o Castelo de Dona Urraca,

declarado Ben de Interese Cultural dende o ano 1949, que unha vez máis abrirá as súas portas coa dobre finalidade coa que o leva facendo ata agora: a de mostrar ó visitante a preservación e riqueza deste espazo único e a de servir de Sala de Exposicións para a exhibición de coleccións singulares.

Esta exposición estará temporalmente aberta ó público os sábados, domingos e festivos comprendidos entre os días 29 de outubro e 27 de novembro. O horario de apertura será de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h. Lembramos que o Punto de Información e Turismo estará aberto nese mesmo período de tempo dentro das instalacións do Castelo de Dona Urraca.



CARRAL (A CORUÑA)

A cultura da intervención: Asociación Ecocultural Lacrar de Carral



A Asociación EcoCultural Lacrar (AEC Lacrar), creada sen ánimo de lucro, naceu en Carral (A Coruña) en xaneiro de 2016. Ao longo deste ano veu desenvolvendo diferentes actividades relacionadas co ámbito da cultura e da ecoloxía. Entre as máis sobranceiras figuraría a celebración do Día Mundial da Poesía, o 21 de marzo, coa acción "A poesía encéndeche luces". Aproximadamente un mes antes da conmemoración, convocouse a través do Facebook a participación daqueles que quixesen achegar un poema propio ou dalgún autor galego, ou traducido ao galego. Consegúronse xuntar máis de douscentos textos que ese día, grazas ao traballo dun grupo voluntario, pegáronse nos farois e puntos estratéxicos das parroquias do concello. Así mesmo, creouse a través das redes sociais un poema colectivo que seguía as técnicas vangardistas do "cadáver exquisito", co que se fixo un cartaz xigante que se colocou nun lugar visible e emblemático para os habitantes do concello.

Un dos obxectivos da AEC Lacrar é poñer en valor, preservar e dar a coñecer cuestións que entren dentro do ámbito para a que foi creada e que se relacionen co patrimonio de Carral. Con esta finalidade organizouse a presentación da biografía sobre Manuel María que realizou Mercedes Queixas Zas para a editorial Galaxia ("Labrego con algo de poeta"), xa que o poeta chairgo, para alén de ser o autor homenaxeado no Día das Letras deste ano, estivo vencellado durante anos ao concello. O autor da obra teatral "Abril de lume e ferro" que rememora o levantamento de 1848 rematado traxicamente co que se coñece como

"Os mártires de Carral", adoitaba acudir á representación popular que, ano tras ano desde 1996, se vén facendo no concello coruñés. A presentación de Mercedes Queixas contou coa actuación final do grupo "María e os Paleolíticos" que musicou varios poemas do escritor. Por outra banda, o propio día das Letras tivo lugar unha lectura pública da obra de Manuel María e a creación dun poema colectivo que recollía as suxestións que os textos pousaron nos asistentes.

Na mesma liña de atención á contorna pódese integrar a visita guiada ao castro das Travesas, un dos máis grandes da zona, da que se encargou o arqueólogo que levou a cabo as escavacións, Antón Malde, que tamén realizou unha explicación teórica ben ilustrativa na exposición que existe sobre o xacemento na Casa da Cultura. Por outro lado, tampouco se descoidaron intervencións máis activas sobre o patrimonio como a denuncia dunha plantación de eucaliptos nun castro do concello incluído no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, a creación dunha brigada voluntaria anti-velutina a mans dalgúns membros da asociación, ou a organización dun roteiro para limpar a Costa da Egoa, unha das zonas máis visitadas e na que se ubican varios muíños de batán. Outra das actividades de máis éxito, realizadas en colaboración con varios bares do concello, son as que se enmarcan no ciclo C4: Carral, Ciencia, Cultura e Cervexa. Estas charlas divulgativas pretenden achegar a ciencia á cidadanía dunha forma amena e en espazos máis humanos. Ao longo deste ano contouse coa presenza de Juan Ramón Vidal Romaní, director do Instituto Universitario

de Xeoloxía da UDC, que falou sobre "O problema do radón en Galicia", Manuel Vicente, director do programa da Radio Galega "Efervescencia", coa charla "Chámalle X: palabras científicas que cambiaron e cambiarán a túa vida", a entidade Fragas do Mandeio que se achegou ao tema da "Custodia do territorio nas mariñas coruñesas", Xurxo Mariño, Profesor do Departamento de Medicina da UDC, que se centrou en "Para que nos serve a mente?", Alba Aguión, que presentou o monólogo "Formigas e carricantas" co que gañou o Famelab, o concurso internacional de monólogos científicos, e os representantes do Observatorio Astronómico Ramón María Aller que a través da actividade "Observando as estrelas" deron a coñecer o cosmos, tanto na teoría como na práctica.

Dentro deste último ciclo, o venres 21 de outubro tivo lugar a charla "A Xeoloxía Mariña vs Internet" a cargo da oceanógrafa Elda Miramontes García. Amosounos o interesante que pode ser o fondo mariño e como o que alí acontece inflúe na nosa vida cotiá. Achegou ao público a orixe de fenómenos como os tsunamis, os deslizamentos e a topografía submarina, os procedementos que se levan a cabo nas investigacións científicas sobre os fondos, así como as pegadas que as innovacións tecnolóxicas poden deixar no mar en forma de cables e condutos que desde hai máis dun século serven para as comunicacións intercontinentais como o telégrafo ou a internet. Inaugurada a tempada de outono coa charla de Elda Miramontes García, estanse a organizar próximas actividades coa colaboración e suxestión da veciñanza.

Guía Gastronómica

Curso universitario sobre cervexa artesanal

Celebrouse en Allariz un curso de extensión universitaria que organizou o campus de Ourense. A actividade “Turismo baseado na cultura da produción tradicional do viño, da cervexa e da sidra; experiencias únicas en lugares singulares”, afondou desde un punto de vista práctico nas potencialidades turísticas que teñen os emerxentes negocios de bebidas artesanais e ecolóxicas, neste caso a cervexa e a sidra. Para coñecer o sector e as potencialidades no caso da cervexa artesanal, o protagonista foi o proxecto emprendedor de cervexa artesanal *Dama Alaricana*, asentado no Concello de Allariz. O seu xerente, Darío Conde, falou do valor engadido

que supón o turismo para este sector emerxente. “Allariz é unha vila á que vén moita xente de fóra que quere probar cousas diferentes e propias do lugar que visita; que quere beber unha cervexa que se fai aquí e non noutro lugar”, comentou. Pensando neste público, apuntou, na súa empresa desenvólvense non só unha cervexa artesanal feita con produtos

base locais senón que empregan outros como o mel, as castañas e as setas

producidos na contorna. “En todo caso, o importante é a calidade, que sexa un bo produto para o consumidor”, recalcou Conde. Virxilio Rodríguez, vicerreitor do campus de Ourense; Francisco García, alcalde de Allariz, e José Antonio Fraiz, docente da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e director do curso xunto a Noelia Araújo, inauguraron un curso ao que asistiron 25 persoas, alumnado universitario e interesados neste sector.



■ Darío Conde e Dama.



Miscelanea

CxG rende homenaxe ás Irmandades da Fala diante da tumba de Luís Porteiro Garea



Unha representación de Compromiso por Galicia, encabezada polo secretario nacional de organización Manoel Vello, celebrou este sábado unha ofrenda floral e un acto de homenaxe na tumba de Luís Porteiro Garea, fundador das Irmandades da Fala en Santiago de Compostela. No ano do cen aniversario do nacemento das Irmandades da Fala, Compromiso quixo pór de relevo a figura do avogado Luís Porteiro Garea, que antonte día 27 de Outubro fixo 98 anos do seu pasamento, acontecido con 29 anos por causa da epidemia de gripe. Luís Porteiro Garea naceu en Lugo en 1889 e finou en Frades en 1918. No cemiterio de Gafoi (Pontecarreira) descansa o compañeiro de aulas de Quintanilla, Castela. Ribalta e os irmáns Vilar Ponte. Avogado con despacho en Santiago onde defendeu aos labregos de Nebra (Mártires de Nebra), exerceu de secretario no concello de Arzúa e foi catedrático da Facultade de Dereito da USC. En 1915 sae elixido concelleiro na Corporación do

Concello de Santiago de Compostela pola candidatura agrarista e galeguista. Nace a Irmandade da Fala n'A Coruña o 18 de Maio de 1916 e dez días despois, o 28 de Maio, Luís Porteiro Garea funda a Irmandade da Fala de Santiago de Compostela, sendo concelleiro. Presentouse como candidato ás Cortes polo distrito de Celanova. Entendía Galicia como diferente a España mais recoñecía a grande interrelación. Foi o auténtico motor na segunda década do século XX de dotar a Galicia dunha construción política propia, e a iso dedicou os seus últimos esforzos como organizador da Asemblea de Lugo no hotel Méndez Núñez e auténtico ideólogo do Manifesto Nacionalista de Lugo, que por morrer tres semanas antes, o seu pasante Luís Peña Novo se encargou de defender. Ramón Cabanillas, o grande poeta de Cambados autor de "Da Terra Asoballada" recoñeceu o compromiso de Luís Porteiro Garea dedicándolle a el o poema "En pé", auténtico himno de todo o galeguismo.

Segundo C X G hai partidos que impiden a entrada de aire fresco

P e PSOE oficializan o esperpento estatal para tapar trapos sucios e impedir a rexeneración política que reclaman os cidadáns. Pensamos que moitos votantes populares e socialistas estanse dando conta que foron estafados. En España segue habendo grupo reducidos que manexan os grandes partidos, e hai intereses comúns que xustifican esta escenografía.

O PSOE tamén está atado a propia traxectoria dalgúns dos seus dirixentes, que manobraron cara esa gran coalición, que só será útil para políticos dependentes e empresas con intereses, porque os problemas dos cidadáns seguen sen resolverse.

Quedou desenmascarada a escusa do voto útil e da estabilidade. Galicia segue perdendo cun goberno que non ten perspectiva de durar máis dun ano, e cuns partidos que seguen impedindo que entre aire fresco e que se levanten as alfombras dos casos de corrupción e fraude democrática que veñen sucedéndose desde décadas.



XI concurso internacional "Tempranillos ao Mundo" en Ourense



■ Santiago Jordi, Luís Buitrón, Rosendo Fernández y Juan Casares.

Ourense será escaparate dos mellores viños os vindeiros días 8, 9 e 10 de novembro coa celebración da undécima edición do concurso internacional de "Tempranillos ao mundo" no que se convoca á súa vez o Certame Internacional de Viños Blancos Galegos. A presentación deste evento vitivinícola tivo lugar nun acto no que participou o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o presidente nacional de enólogos, Santiago Jordi; o presidente da Asociación Galega de Enólogos, Luís Buitrón; e o director da Estación de Viticultura e Enoloxía, Juan Casares. A Deputación de Ourense colabora con este evento porque considera que o sector vitivinícola é "estratéxico para a provincia de Ourense: riqueza, emprego e, ademais dános asentamento poboacional no rural", dixo Rosendo Fernández quen salientou que este evento "poñerá en valor a nosa riqueza vitivinícola e situará a "Marca Ourense" a nivel internacional, convertendo a Ourense na provincia vitivinícola de Galicia durante os vindeiros días".

Esta celebración organizada pola Federación Española de Asociacións de Enólogos (FEAE) e pola Asociación Galega de Enólogos (AGE), reunirá durante tres días a recoñecidos especialistas e enólogos de todo o mundo, no Centro Cultural "Marcos Valcárcel" da Deputación de Ourense. Santiago Jordi sinalou que este concurso internacional é "un escaparate para o mundo do viño e, tendo en conta o impacto que teñen os viños da zona a nivel internacional era importante que puideramos celebralo aquí nesta edición". Asemade, o presi-

dente nacional de enólogos explicou que este evento "nace once anos atrás coa idea realizar un concurso da variedade máis representativa en España, "Tempranillos ao Mundo" pero cada vez que imos a unha cidade a celebralo, intentamos promocionar os viños da zona".

No relativo á participación, Santiago Jordi adiantou que nesta edición hai "450 mostras, das cales 325 son de tempranillo nas cales participaron 103 adegas. Ademais de contar con mostras de 19 zonas de produción españolas, temos de Portugal, México, Chile e Argentina". Luís Buitrón destacou a excepcionalidade de que Ourense sexa a sede deste evento por contar "con catro das cinco Denominacións de Orixe galegas" e que ademais de viño ofrece "historia e termalismo". En canto á participación galega, o presidente da AGE, dixo que "en total en Galicia temos 125 mostras de 89 adegas das cinco Denominacións de Orixe. Ademais non temos máis mostras porque moitas adegas porque moitas xa non tiñan viño para mandar, polo tanto penso que os datos son moi interesantes".

A programación prevista para os vindeiros días, tal e como explicou Luís Buitrón, comezará mañá ás 20.00 horas coa presentación oficial do concurso, que dará comezo o mércores, 9 de novembro, ás 8.30 horas, con catas ata as 13.00 horas. Posteriormente, realizarán unha visita á zona histórica da vila de Ribadavia. Ás 18.00 horas, será a quenda para unha visita ao casco antigo da cidade de Ourense. Ao día seguinte, as catas retomaranse no Centro Cultural "Marcos Valcárcel" ás 8.30 horas ata as 13.30 horas.

Miscelanea

En Marea esixe ao Goberno interceda nos ERE's do Banco Popular/Pastor e por Extel



A deputada de En Marea, Yolanda Díaz, presentou hoxe unha nova Proposición de Lei no Congreso dos Deputados para instar ao Goberno central a intermediar nas negociacións entre a dirección do Banco Pastor/Popular e os representantes dos traballadores tralo ERE presentado pola empresa. Esta PNL vén a sumarse a xa presentada hai uns días en apoio aos traballadores de Extel/Adecco que tamén están sumidos na negociación doutro expediente de regulación de Mani-

festou que o “executivo dispón de instrumentos de arbitraje e mediación que debe utilizar en ámbalas dúas situación para posibilitar que as empresas reconsideren a súa decisión respecto á desaparición de postos de traballo”. Estes novos expedientes de regulación de emprego tanto na empresa bancaria como na de telemarketing, continúa Yolanda Díaz “supoñen un novo quebranto socioeconómico de consecuencias máisúsculas para a sociedade galega en xeral”.

Para Facenda todos somos iguais agás os galegofalantes

A Axencia Tributaria é unha das administracións que máis negan a posibilidade de uso do galego, até o punto de as e os contribuíntes que queren usar a súa lingua nos formularios dispoñíbeis teñen que redixilos de novo á marxe dos oficiais. Con esta actitude facenda chegou a multar á Mesa pola Normalización lingüística por entender que reclamar as notificación en galego era “obstruír” un procedemento. A sanción foi recorrida pola Mesa no tribunal económico-administrativo que lle deu a razón á entidade en defensa da lingua. O último caso coñecido a través do servizo A Liña do Galego, foi o dunha persoa que se dirixiu en reiteradas ocasión a Facenda, nun trámite de devolución, para reclamar o seu dereito a que os procedementos dun expediente se realizasen, tamén por parte da AEAT, en galego, tal e como recolle artigo 36.1 da Lei 30/1992: “A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelano. Porén o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma poderán tamén empregar a lingua que sexa cooficial nela. Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. (...)” Ante esta actitude de desprezo e atención

discriminatoria, o cidadán viuse na obriga de devolver o ingreso realizado pola administración tributaria como mostra de protesta “coa maneira en que a AEAT trata aos usuarios da lingua galega”. Finalmente Facenda dignouse a utilizar o galego matizando nun escrito oficial que “nas aplicacións corporativas de Recadación non hai posibilidade de que as comunicacións se realicen en galego”. A Mesa pola Normalización Lingüística cualificou de lamentábel esta resposta que segundo o seu presidente, Marcos Maceira, “demostra que a Axencia Tributaria non ten ningún interese nin en cumprir a legalidade nin en dar a mínima opción a usar a lingua propia en trámites que ademais son absolutamente obrigatorios”. “É incríbel e propio dunha obsesión maníaca contra unha lingua oficial, que Facenda alegue falta de medios para usar o galego cando está obrigada legalmente, ou mesmo chegue a perseguir e sancionar a quen está a exercer o dereito a usar a súa lingua no seu propio país”. A actitude galegófoba de facenda provoca molestias, cargas e trámites innecesarios, só a quen utiliza o galego. Trátase dunha discriminación aberrante propia do racismo lingüístico, á que se engade a utilización de coaccións directas ou indirectas por parte da administración.

En Marea reclama unha nova xestión de residuos por parte da Xunta de Galicia e amosa o seu rexeitamento ao vertedoiro de Lousame como demandan os veciños e veciñas

En Marea xunto con representantes das mareas do Barbanza, do Partido da Terra de Lousame e da Plataforma contra o Novo vertedoiro de Resíduos Ambientais de Lousame ofreceron esta tarde unha rolda de prensa para demandar unha nova política de xestión de residuos por parte da Xunta de Galicia. O portavoz de En Marea, Luís Villares, sinalou que desde En Marea apoian as reivindicacións do movemento veciñal ecoloxista nun dobre ámbito. Por un lado a nivel local En Marea rexeita a situación escollida na medida en que se sabe que vai afectar valores ecolóxicos e ambientais, concretamente en relación aos acuíferos da zona, nun concello que xa existen outros ámbitos industriais relacionados cos residuos. Así mesmo, manifestou o rexeitamento de En Marea con carácter peral da política de Sogama pouco respectuosa cas directrices europeas en canto a xestión de residuos e reciclaxe baseada fundamentalmente nunha produción masiva de residuos que non son reutilizados, reducidos nin reciclados con consecuencias indeseables para todo o país como son os vertedoiros de residuos e industriais como o de Lousame. “En Marea cre que a política de residuos sólidos urbanos ten que ser totalmente repensada da Xunta de Galicia do que isto non é máis que unha manifestación nefasta” concluíu Luís Villares. O concelleiro do Partido da Terra de Lousame, José Rodríguez, cualificou de “te-

rrorismo ambiental por parte da Xunta de Galicia e os seus amigos como o Concello de Lousame” o que se intenta facer en Lousame e lembrou como hai sete días o goberno local e o PSOE optaron pola abstención ante a presentación por parte dos veciños e veciñas dunha moción para se opoñer a este vertedoiro sendo apoiada unicamente polo Partido da Terra e o BNG. Así mesmo asegurou que continuarán loitando contra este proxecto e destacou que “non descartamos que existan certas irregularidades administrativas fora do ámbito do Concello e incluso casos de prevaricación que no caso de que se destapen serán levados aos tribunais” asegurou José Rodríguez. A concelleira de Marea Cidadá de Noia, Noelia Estevez, manifestou a repulsa do seu grupo ante esta aberración que afectará de xeito moi importante ao concello de Noia xa que recolle as augas do río Vilacoba onde se pretende poñer este vertedoiro industrial. Este mes a Marea Cidadá de Noia presentará no Concello unha moción en repulsa a este vertedoiro como anunciou Noelia Estévez. En último lugar o alcalde da Pobra do Caramiñal, Xosé Lois Piñeiro, anunciou que as mareas da Barbanza levarán aos distintos concellos mocións e defenderán que se presenten alegacións contra este proxecto apoiando as xustas reivindicación da plataforma vecinal. Unha situación de inxustiza que terá consecuencias moi negativos a nivel medio ambiental como denunciou Xosé Lois Piñeiro.



O Concello busca en Madrid turistas para Ourense

O Concello de Ourense presentou na Casa de Galicia en Madrid a campaña promocional "Ourense, un Plan Perfecto" e que será visible en mupis de Ponferrada, Santiago, A Coruña, León e sobre todo na capital de España, concretamente en Atocha, Chamartín e a parada de metro da T4. Unha das claves da campaña baséase nun acordo con Renfe: todos aqueles que visiten Ourense desde Madrid terán un 30% de desconto entre o 27 de outubro e o 9 de novembro, ambos os incluídos. Sobre este acordo falou Mariano Santiso do Val, xefe de Área Comercial da Xerencia de Servizos Comerciais Norte de Renfe. Jesús Vázquez, alcalde de Ourense, desvelou que o motivo da súa presentación en Madrid responde a que se trata da gran fonte de turistas de escapada da cidade. "Dos 16.260 turistas rexistrados na nosa Oficina Municipal de Turismo durante o pasado ano, 3.701 procedían da Capital de España. Madrid está a piques de duplicar, mesmo, aos turistas que máis nos visitan desde o noso ámbito galego, que son os procedentes da Coruña, con 1.471 rexistros no ano 2015", sinalou o rexedor de Ourense, capital de provincia con 107.000 habitantes que se significa por aglutinar no outono un gran número de actividades singulares cun gran potencial turístico.

Termalismo

Jesús Vázquez falou do termalismo. "Porque aínda que non sexamos

unha cidade costeira, temos un océano de auga quente baixo aos nosos pés. Porque somos a capital termal de Galicia. Porque Ourense é a segunda cidade de Europa, por detrás de Budapest, en caudal termal. E esa riqueza poboas as nosas ribeiras do Miño en forma de termas que deixan marabillados a todos aqueles que nos visitan. Non temos praia pero temos unha área singular con auga quente mineromedicinal onde o relax e o contacto coa natureza é o noso emblema". Magostos Tamén se referiu o alcalde de Ourense á identidade da propia cidade, cuxo patrón, San Martín, celebra o seu 1.700 aniversario o 11 de novembro, data singular, á súa vez, por ser o día dos Magostos: a festa con maior arraigamento entre os ourensáns. Declarada de interese turístico, o Magosto é unha festividade eminentemente gastronómica e social: as cuadrillas xúntanse no monte, asan castañas e chourizos, proban o viño novo e gozan dunha festa entre amigos. Toda unha experiencia típica e orensá.

Festival de cine

Pero non só de magostos nútrese a oferta turística de Ourense no outono. Arrinca a 21 edición do Festival de Cinema Internacional de Ourense. Jesús Vázquez subliñou que a programación do festival baséase en tres liñas vertebradoras: a sección oficial, os focos -a modo de retrospectiva- e as seccións paralelas. Todas as obras suman un total de 73 proxeccións repartidas ao longo de 109 sesións distintas. 27 das proxeccións desta edición son premiers: nunca se viron en España.

Sabores de Ourense

Cultura de altura unida a gastronomía de calidade. O rexedor ourensán recalcou que desde o venres os fogóns vístense de gala para protagonizar o Concurso de Petiscos Sabores de Outono, que este ano alcanza a súa novena edición. Máis de medio centenar de establecementos ofrecerán "delicatesen" elaboradas con produtos de tempada (castañas, cogomelos, etc...) ao prezo máximo de

2,5 euros. E sen esquecer a parte lúdica dirixida ao público infantil, co Samaín como tradición ancestral recuperada na cidade de Ourense. "Por todas estas razóns, e porque Ourense é unha cidade sorprendente, cun carácter amable, hospitalario e chea de vida, é polo que presentamos Ourense, un Plan Perfecto nesta época do ano", recalcou Jesús Vázquez.

Outono Fotográfico

Un plan perfecto para gozar dun destino turístico singular capaz de sorprenden aos viaxeiros máis esixentes. Porque Ourense está a apenas 10 minutos dunha das xoias naturais do noso país: a Ribeira Sacra, conformada por paisaxes únicas, dignos da mellor longametraxe. Porque é unha cidade cun riquísimo patrimonio artístico e monumental, cunha vida cultural intensa que converte a Ourense na "Atenas de Galicia". Non en balde, durante esta época alberga unha das exposicións fotográficas máis importantes e asenta-

das de Galicia, con máis de 30 edicións ás súas costas: O Outono Fotográfico inaugura a tempada cultural da cidade. Unha cita que celebra o seu trixésimo cuarta edición convertida xa nun clásico da axenda cultural xa non de Ourense, senón de toda Galicia. Ata xaneiro co orgullo de presumir do proxecto cultural máis importante e ambicioso da nosa comunidade: "Prego, 100 anos", dedicado a un dos artistas ourensáns máis importantes, Manuel Prego de Oliver, con motivo do centenario do seu nacemento. Antes da emisión do anuncio promocional da campaña "Ourense, un Plan Perfecto" que explicou o concelleiro de Turismo, Jorge Pumar, o alcalde, Jesús Vázquez, concluíu sinalando que "Ourense sorprende e namora. Por iso quero concluír convidándolles a todos a que visiten Ourense, descubran Ourense, gozar de Ourense e vivan Ourense. Estou seguro de que non lles defraudará".



■ Jorge Pumar, Ramón Ónega, Jesús Vázquez e Mariano Santiso do Val.